

# **teima**

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

## **Un semanario pra un país**



**Novembro, 12: UNHA FOLGA  
PRA VELAS VIR.**

**XORNADAS SANITARIAS:  
curar ós que curan.**



SOMOS OURENSANS  
TRABALLAMOS PRA GALIZA

**AGV**

CONSTRUCCIONES METALICAS


**A. GOMEZ  
VISO**

oficina técnica  
proyectos

ZONA INDUSTRIAL "EL 21"  
TELF. 212736 ORENSE

# Coagro

**FABRICA DE FARIÑA CEBADA**



Capex

**PLANTA SILOS 10.000 Tm.  
CAPACIDADE CEREALES  
(MILLO-CEBADA)**

**CENTRAL PONTEVEDRA:**

**Gagos de Mendoza, 8-2º izda.  
Tfo. 859562 - 859258**

**PLANTA SILOS:**

**San Antoniño-Barro**






Capex

# Frío del Noroeste, S.A.

Frío del Noroeste, S.A.

- Ventilación
- Aire acondicionado
- Decoración industrial
- Perfilería Inox.
- Armarios barras
- Sotabancos botelleros



- Expositores marisco vivo
- Vitrinas
- Frío industrial
- Cámaras desmontables
- Salmueras refrigeradas
- Túneles congelación

## FABRICA:

Coirados San Xulián  
Tels. 880450-880454

MARIN

## VENTAS:

Gran Via, 82  
Tels. 412255-412055

VIGO



## DELEGACIONES:

Villa de Negreira, s/n  
Tels. 259462-259258  
LA CORUÑA

Avda. Generalísimo, 289  
Teléf. 310315  
EL FERROL

Romero Donallo, 31  
Tels. 596462-596466  
SANTIAGO

# Frío del Noroeste, S.A.

**OFICINA TECNICA: ESTUDIOS · PROYECTOS · PRESUPUESTOS**

## Cartas a Dirección



Esta primeira sección, aberta xa a tódolos lectores e ós que non o sexan, ábrese neste número cero de ensaio e tanteo pra todos, con algunhas das respostas, as que foron chegando, a unha enquisa caseira que estimamos conveniente facer. Irán saíndo pouco a pouco máis respostas noutros números.

As preguntas feitas foron tres e a elas souperon plegarse axeitadamente os nosos comunicantes.

- 1) *¿Qué opinión lle merece o proxecto de sacar hoxe á rúa unha revista destas características?*
- 2) *¿Cre que é viable e que pode ter unha acollida favorable?*
- 3) *¿Cómo entende vostede que debería ser TEIMA e que lle pediría como lector?*

Sometemos agora as respostas chegadas, respetadas e respetables unha a unha, á consideración dos nosos lectores, nun novo intento de facer máis grande a mostra e polo tanto o abanico das opinións. O mesmo tempo a redacción de TEIMA non pode menos de agradecer a todos esta primeira colaboración tan desinteresada como importante. Mentres o buzón de TEIMA sigue a agardar ben aberto.

### UN FEITO HISTORICO

- 1) «Como se trata dun vello soño e hoxe dunha verdadeira necesidade, estamos ante un feito histórico, aínda que a revista morrera axiña, xa de morte morrida xa de morte matada.
- 2) Non sei si é viable: hai que facela viable. Por outra parte, a gran familia galeguista xa non temos temos hoxe outra alternativa idiomática.
- 3) Unha revista pra todos. Preciso: que sexa de esquerda e na que poidan opinar as esquerdas e a dereita civilizada (as outras dereitas teñen plataformas dabondo, bancos, etc.).

Será importante —esencial, diría— que se deixe opinar a quenes aínda discrepando da posible liña de fondo da revista (liña que non desaprobo), non teñen oportunidades de opinar ou teñen moi poucas.

Por outra parte, nada en Galicia nin no territorio do estado español se poderá facer non contando con eles e, menos, estando contra eles».

XESUS ALONSO MONTERO  
Catedrático de Lingua e Literatura  
Vigo

### FIDELIDADE A GALICIA

- 1) «O proxecto paréceme excelente, por urxente e indispensable. Para abreviar diría que nace dunha «necesidade circular». Por unha banda, a Galicia nova está a ferver e a empuxar; busca un novo xeito de realización e, polo tanto, tamén de expresión. TEIMA non pode ser, claro está, o único camiño

desa expresión, pero si representa un xeito impredicible: recoller a actualidade e conformala dende a específica perspectiva desa realidade galega era unha tarefa que se estaba impondo por si mesma e que moitos arelábamos vivamente.

Por outra banda, a revista, qué dúbida cabe, vai incidir á sua vez nese proceso que a orixina e polo que a nova Galicia teima en chegar a si mesma. A pouco «exitosa» que sexa, despertará concencias, abrirá camiños, posibilitará colaboracións... Será un importante catalizador nese proceso verdadeiramente trascendental, í en todo caso irrepitible, que estamos a vivir.

- 2) Por eso penso que sí, que terá boa acollida contando, naturalmente, co que, hoxe e eiquí, significa boa acollida: entusiasmo xeneroso nos que xa comprenden e lenta pero segura penetración nos que *aínda* non se decataron.
- 3) Difícil decir cómo debería ser TEIMA. Eu agora soio lle pediría unha cousa: fidelidade á realidade galega. Fidelidade por enriba de ambicións personáis e de intereses de partido. Fidelidade do que afínca os pés na terra e adopta como principio fundamental o de servila a ela, aberto a toda a sua complexidade, paciente coas suas contradicións, respetuoso con todos os seus valores.

Si Galicia manda de verdade en TEIMA, estou esperanzadamente seguro de que a revista sairá avante e ganará a aposta do seu título».

ANDRES TORRES QUEIRUGA  
Teólogo





**EDITORIAL  
GALAXIA, SA**

- NARRACIÓN
- POESÍA
- TEATRO
- ENSAIO
- ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA
- HISTORIA
- ARTE
- HUMOR
- VIAXES
- FILOLOXÍA E LINGÜÍSTICA
- MANUÁIS
- MÚSICA
- LITERATURA POPULAR
- LIBROS PRA NENOS
- REVISTA GRIAL...

**A CULTURA GALEGA  
EN LIBROS**

**EDITORIAL GALAXIA  
Reconquista, 1 - VIGO**

**Cartas a  
Dirección**

### ESPECIAL ATENCIÓN OS PROBLEMAS SOCIOECONÓMICOS

O proxecto parécese magnífico. E algo que xa debería asistir, aínda que a ninguén se lle oculta que a empresa esixe valor, pois a súa necesidade non constitúe unha garantía de éxito económico. Porque si non cabe dúbida de que será recibida con agrado, permítome creer que soio será asequible a unha minoría. E, sin dúbida moi elevado o número de galegos que falan habitualmente o noso idioma, pero é moito menor o número de galegos habituados a leelo. E ese hábito non se adquire facilmente. Creo que a misión da revista está clara: defender con celo os nosos valores culturais e adicar unha atención máxima ós nosos problemas socioeconómicos. Industria, contaminación, pesca, reforma agraria, educación, emigración, urbanismo...».

PEDRO DE LLANO LOPEZ  
Director de «El Progreso»  
Lugo

### UNHA GARANTÍA PRO FUTURO DIARIO EN GALEGO

- 1) «Coido que responde a unha verdadeira necesidade. A utilización do galego escrito debe abranguer os medios de gran difusión popular. A revista semanal é un paso intermedio entre o libro e o xornal. TEIMA vai dar ese paso, adoitando ao gran público a ler habitualmente en galego. O triunfo de TEIMA será a garantía pra o futuro diario en galego.
- 2) Polas impresións que recollo no ambiente, considero que terá moi boa acollida.
- 3) Unha revista que reflexe a realidade galega con veracidade, sin eludir a denuncia ben fundada. Informar aos galegos dos problemas vivos de Galicia é unha necesidade fundamental. Conocer a nosa realidade desde o punto de vista dos intereses do país —e non desde o punto de vista dos intereses de grupo, económico ou ideolóxico—, é un paso decisivo para a verdadeira democratización de Galicia».

RAMON PIÑEIRO  
Escritor

### A VOLTAS COA INDEPENDENCIA

Señor director de TEIMA: Quixera que me aclaráse algunhas cousas que me xurdiron ó leer o boletín.

A primeira é que non dí quen é a entidade que apoia a TEIMA, pois non creo eu que sexa independente. Despois quero darlle a noraboa por tratar de facer algo en galego, que xa era tempo. Eu deséxolle a mellor sorte nesta tarefa e espero que non sexa a única revista galega de información.

Pídlle disculpas polo meu galego, mais como ben din no seu boletín, non temos escola e todo o pouco que sabemos, é á forza de moitos traballos, pois o castelán non nos deixa escribir como pensamos en galego.

Saúdalle afectuosamente un galego que está con TEIMA.

PEDRO ALVAREZ  
VALENCIA

### PROPON UNHA REVISTA MENSUAL

Son un dos que sinten dende lonxe a teima pola nosa terra, mais tamén son dos que pensan que hai que poñer os pés no chan. ¿Non lle parece ó seu equipo moito traballo e moita responsabilidade a confección e aparición semanal da revista? ¿Non é un desembolso importante pra xente sinxela que é a que mais se leva polo mundo adiante e mais na nosa Galicia?

O ideal sería que o campesiñado galego fora o primeiro que recibira a súa revista, xa que foron eles os que conservaron a nosa fala contra vento e marea nos derradeiros séculos da historia. Mais ¿non pensan que o precio da suscripción vailles facer dar marcha atrás? Nin tempo terán —non o temos nos— pra lela.

Xa sei que o meu parecer non fará ningunha forza, pero eu propoño unha revista mensual, ben estruturada, ben feita. Sae máis caro cada número, pero resulta máis asequible, máis barata en conxunto. Díctamo a esperiencia e o senso común.

Desexo que o voso entusiasmo non faga morrer axiña a nova revista.

De momento quedo á expectativa. un saúdo do seu coterrán.

Firma ilexible  
Sarriá de Ter (Gerona)

EDITADA POLA  
Sociedade Galega de Publicacións  
(Domingo García Sabell, presidente)

DIRECTOR:  
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION:  
Luis Alvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes,  
Xosé M.<sup>a</sup> García Palmeiro, Xavier Navaza Blanco,  
Manuel Rivas Barrós, Perfecto Conde Muruais,  
Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sán-  
chez Izquierdo, Xulio Xiz.

ASESORES:  
Enrique Aller, Fernando Martínez Randulfe (Dereito  
Laboral).  
Ramón Barral, Xan L. Facal (Economía).  
Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensin).  
Alexandre Pérez Camacho, Xoán X. González, Xosé  
Manuel Cabanas (Ecología).  
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Ma-  
gariños (Igrexa).  
Xosé Marpia, X. M. López Nogueira (Medicina).  
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca).  
Mario Orxales, Xan Bouzada (Sociología).  
Xesús Vega (Economía da empresa).

AXENCIAS:  
Europa Press (Madrid), Prensa Latina (Habana),  
Keystone (Paris), Zardoya (Barcelona).

CORRESPONSAIS:  
Madrid: Arturo Ruibal, Rafael L. Torre.  
Lisboa: Carlos Porto.  
Catalunya: Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente.  
Euzkadi: Gregorio Gálvez.  
Andalucía: Antonio Burgos.  
París: Ramón Luis Chao.  
Londres: Carlos Durán, P. Barreiro.  
Buenos Aires: Domingo Fernández.  
Santiago de Chile: Emilia Vázquez.  
Puerto Rico: Baldomero Cores.  
Montevideo: Fernando Pereira.

DEPARTAMENTO GRAFICO:  
Manuel Yáñez (Fotografía)  
Siro López, Xaquín Marín (Dibuxo)  
Mario L. Rico (Cartografía)

DIAGRAMACION E CONFECCION:  
X. M. G. Vilasó

SUPERVISION LINGUISTICA:  
Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rey  
(I.L.G.)

Xerente: Alfonso Rivas Fraga  
Publicidade: X. M. Gómez

Imprime: La Voz de Galicia, S. A./Prelo Comercial  
C. Arenal, 9-13  
A Coruña (Galicia)  
Dep. Legal: C-649-1976

*TEIMA non se fai solidaria das opi-  
niões expresadas polos seus colabo-  
radores. Autorízase a reprodución  
total ou parcial de textos e grabados,  
sempre que se cite a procedencia.*



Páx. 8.—EDITORIAL: Botar a andar.

Páxs. 8-9.—OPINION. Artigos de  
Xosé Vilas Nogueira e Carmen  
S. Castroviejo.

Páxs. 10-25.—GALICIA.

Páxs. 10-12.—UN SEMANARIO PRA  
UN PAIS. TEIMA contada por  
TEIMA.

Páxs. 12-25.—Xornadas sanitarias  
da F.P.S. Prohibicións varias. O  
asunto das 200 millas. A celu-  
losa de Foz. Un novo goberna-  
dor en Pontevedra. A folga do  
día 12. Ademais, noticias POLO  
BAIXIÑO e un análise da situa-  
ción política galega.

Páxs. 26-28.—POBOS IBERICOS. In-

formacións de Madrid, Portu-  
gal, Euskadi e Catalunya.

Páxs. 28-29.—RESTO DO MUNDO.  
Arxentina: a milonga do terror.

Aproximación ó proceso arxen-  
tino. A elección de Carter. A  
dependencia cultural de Canadá.

Páxs. 30-31.—FIADEIRO. Informa-  
cións noutro tono e o CAITANO  
de XAQUIN MARIN.

Páx. 33.—VIEIROS. Unha visita a  
Buño e os seus alfareiros.

Páxs. 34-36.—TEIMA CULTURAL. In-  
telectuais en Barcelona por  
unha cultura plurinacional.

Música: o retorno de «ROI  
XORDO». Libros. Escolma TEIMA.



Primeiros pasos e estreno de  
quioscos pra TEIMA.  
O que debéu facerse pra chegar a  
esto, cóntase nas páxinas adicadas  
a Galicia. Do que se pode facer  
dende agora poden dar ó lector  
algunha idea as outras páxinas  
abertas a moi distintos temas.  
En todo caso, nestes tempos  
sombrios, TEIMA tratará de segui-  
lo camiñar deste país semá a semá.  
Ea primeira revista galega de  
información xeral. Nin máis nin  
menos.

X. M. G. Vilasó fixo a portada sobor un dibuxo  
de Mantecón

## BOTAR A ANDAR

*Por fin xurde a primeira revista de información xeral en Galicia e en galego. Dificilmente podía ser doutro xeito e así o entendemos os que tratamos de crear algo onde non había nada, de abrir unha fiestra pra todos os galegos.*

*E é que TEIMA nace co obxectivo prioritario de informar, de conta-lo que pasa e cómo e por qué pasa en Galicia, de analizar criticamente o que preocupa a tódolos homes deste país. Había que facer isto xa porque Galicia non contaba cun medio así da súa propiedade, por decilo dalgunha maneira. No tempo do «boom» das revistas de información xeral, Galicia tiña de botar man do que se lle ofrecía — como tantas outras veces — dende Madrid.*

*Faltaba, porén, a perspectiva galega, faltaba un medio que dun xeito sistemático presentase, sintetizase e analizase as diferentes caras das realidades e dos problemas galegos.*

*TEIMA nace fundamentalmente pra eso, sin desatender na medida das súas posibilidades, outros problemas e outras realidades que non teñen por qué sérennos alleos aínda que ocorran máis aló de Galicia.*

*TEIMA xurde tamén da man irrenunciable do galego, do idioma do país. Sin ningunha dúbida tiña de ser unha revista pensada e redactada en galego, lingua ausente aínda*

*— honrosas excepcións aparte — dos nosos medios de comunicación social. A realidade dun país decidido a loitar pola normalización do seu idioma e de si mesmo, ofrecía — ofrece — somentes esa alternativa. TEIMA está escrita na lingua que vosede fala acotío. Fala e non escribe ou le porque non ten oportunidades de facelo. TEIMA quere ser agora unha desas oportunidades. E ogallá non sexa a única.*

*E posible que partindo destes plantexamentos, esta revista — que se declara polo demais aberta a tódolos que queiran chamar ás súas portas — poida chegar a ser unha alternativa galega á información. Traballaremos semá a semá tendo en conta esa posibilidade que xa nos impuxemos dalgunha maneira como esixencia.*

*Polo demais, sentimos defraudar a quen esperaba declaracións de principios especiais pra ocasión. Hai pouco que decir, agás de proclama-la nosa independencia xunto co compromiso e a militancia galegas. Pro todo eso deberá reflexarse en cada número. E en boa medida un traballo de moitos, de todos.*

*Por eso pedimos a tódolos galegos que TEIMEN con TEIMA.*

Carmen Santos Castroviejo, profesora despedida do Colexio Universitario de Vigo e representante do Movemento Comunista de Galicia no Consello de Forzas Políticas Galegas analiza no seguinte artigo as relacións entre unha actitude ideolóxica e unha praxis política. Como xa se reitera nos cretos da revista, TEIMA acolle, inda que non as compartía necesariamente, as opinións de calquera persoa ou grupo nestas páxinas.

## UNHA SINTESIS NECESARIA Feminismo e loita política

CARMEN SANTOS CASTROVIEJO

Nos derradeiros tempos estamos asistindo a nivel de todo o Estado a unha verdadeira revoada feminina, e non precisamente de faldas. Acá e acolá nacen organizacións feministas cos seus diferentes programas e xeitos de loita; acá e acolá xurden tamén conferencias sobre o tema da muller, revistas que recollen os seus plantexamentos teóricos e reivindicativos... últimamente, o caso de Inmaculada Benito de Zaragoza, acusada de adulterio e con petición fiscal de 5 anos de cadea e 50.000 pesetas de multa, puxo sobre da conciencia, individual e colectiva, un algo de culpabilidade; produciu, aínda que non o suficiente, un escuro sentimento de terse esquecido da muller.

Esquécense os organismo unitarios nas súas alternativas de recambio, esquécense as organizacións populares mistas nas que día a día homes e mulleres construen a sociedade do futuro; esquécense en fin, a cáseque totalidade dos partidos democráticos ou revolucionarios, nos que as reivindicacións feministas quedan como pomposas declaracións de principios que non coñecerán máis mundo có do papel clandestino. E estraño, moi estraño, atopar mulleres en postos de responsabilidade na sociedade ou no seo mesmo dos propios partidos ou organizacións populares. Pro, a verdade, a máis triste verdade, e que as mulleres nos temos esquecido con demasiada frecuencia de nós mesmas.

Actualmente parece que están a viralas tornas. Dentro da relativamente maior liberdade de expresión, a muller comenza a facer uso da palabra. E a recuperación da palabra vai parella á iniciación dun forte debate. Unha gran polémica está trabada dende o comenzo, dende o mesmo agromar das organizacións de mulleres. O que ninguén discute é a opresión. Neso hai un acordo — case hirmandade — de base. Na historia acumulada de calquera muller desta Galicia nosa, na vida diaria desta España tamén un pouco nosa: ¡canta renuncia desigual! ¡Canto amor mal entendido cachado con pegotes de cosmética! ¡cantos «labores propios de su sexo», sempre de acá pra alá, a cacholiña ocupada en tolerías! ¡canto traballo mal pagado! ¡canta, en fin, dolzura e suavidade, facianas mentireiras de futuras neurosis! ¡canto medo sexual e canto loito! ¿E logo? Logo, cando os fillos voan, cando a «sagrada función da maternidade» non ten senso, cando non se pode recorrer a ela como man de obra barata... o aburrimiento mortal.

Esto, xa digo, non se discute hoxe entre as organizacións de mulleres, e menos aínda nun Estado no que o símbolo, o uniforme e o falo foron e siguen sendo valores cáseque míticos. O debate vai por outro camiño.

Deixo atrás aquelas místicas amazonas caseiras coa súa lería de servizos sociais, de canastillas e de danzas rexionais. A súa cativa vida respondéu a un aparato e co esmorecemento del chegaralles tamén a morte.

Voume referir somentes a aquelas organizacións de mulleres que con maior ou menor sinceridade, tentan situarse dende a perspectiva da súa liberación.

Unhas, as vencelladas á corrente ideolóxica que dirixe Vindicacións Feministas, falan dunha inicial admisión masculina pola capacidade de procreación da muller naquela época da historia na que era descoñecida por completo a participación do home na fecundación. Unha admiración que co decorrer dos tempos foise transformando en impotencia, en odio e finalmente, en asoballamento e humillación da femia. Pra estas mulleres, o nacemento da familia monogámica non é pois un instrumento ó servizo da propiedade privada, senón somentes o produto que o macho atopa, dempóis dunha búsqueda histórica consciente, pra agachá-la súa febleza e afirmarse seso superior e dominador soberano femia. O submundo que constitúe dentro do capitalismo a relación home-muller, pasará a convertirse no *único* mundo en tanto que a sociedade historicamente, e os estados actuais están dirixidos por homes. Non é difícil tirálas consecuencias deste análise: a muller, unha clase social antagónica con respecto a outra clase social, o home, ten de se organizar no seu propio partido pra acadala última das revolucións: a revolución que afogue e oprima ó machismo afirmando a liberación, e tamén a superioridade feminina.

Non vou entrar agora na base e fundamentos teóricos dun análise da historia que estimo, cando menos, unilateral, senón somentes nas consecuencias prácticas que deste análise se derivan. O lado dunha xustísima defensa da liberación feminina, que, pola radi-

(Pasa a páxina trinta e sete)





Ensinante e autor dun fundamental libro sobor do tema, Vilas Nogueira preparou pra este semanario un artigo sobor do Estatuto de Autonomía de Galicia do ano 1936. O seu particular punto de vista será contrastado co doutros especialistas nos próximos números.

## O Estatuto: ¿Qué foi e que é?

X. VILAS NOGUEIRA

O Estatuto de Autonomía de Galicia, o Estatuto por antonomasia, é hoxe un dos puntos clave da polémica político-ideolóxica no noso país. Por elo, coído que compre abeirar esta cuestión sinxela pro precisamente, con precisión, percurando qué é o Estatuto, ou millor dito qué foi, pois dun feito pasado se trata, pra logo ollarmos as impicacións que a actualización desta cuestión ten no momento presente.

De primeiras, o estatuto galego foi un proxecto de lei de autonomía rexional, ó amparo das posibilidades que abría a Constitución da II República española. O Estado español configurábase naquela Constitución como un Estado unitario, pro non rigorosamente uniformista, no sentido de admitir, pola vía da lei particularizada ou de escepción, réximes especiais pra aquelas provincias, ou conxuntos de provincias sin solución de continuidade territorial, que espresaran a súa vontade en tal sentido e polo procedemento e cos requisitos que a propia Constitución do Estado establecía.

Do devandito infrese que os Estatutos de autonomía previstos no cadro da Constitución da II República española tiñan un procedemento de elaboración peculiar e, esto é o que compre destacar ó noso efecto, de chegar a tomar estado parlamentario, esto é a se configuraren como un proxecto de lei a discutir polo Parlamento do Estado español, precisaban dunha xeira previa na que o texto do proxecto debía recolle-lo refrendo da provincia ou provincias que arelaban tal réxime especial, refrendo do que a expresión tiña de se manifestar sucesiva e cumulativamente por unha vía orgánica: a maioría dos Concellos, que representasen ademais a maioría da poboación do territorio, e inorgánica: os dous tercios do censo electoral do territorio en cuestión.

De aquí que o Estatuto galego foi, en segundo lugar, a conclusión dun proceso político, encamiñado a acreditar a vontade do país de acollerse a aquel réxime territorial especial, que posibilitaba a Constitución republicana española, movilizándose a tal efecto a aprobación dos Concellos, primeiro, e do corpo electoral galego, despois. E digo que foi conclusión dun proceso político, porque aprobado polo electorado galego ó 28 de xunio do 1936, a

creba da legalidade republicana polo erguemento militar ó 18 de xulio seguinte co feito de que Galicia ficara no ámbito controlado desde o primeiro intre polas forzas antirrepublicanas, supuxeron naturalmente o remate do proceso autonómico galego.

Agora ben, como é lóxico presumir, un proceso político da caste do que abocou no refrendo polo corpo electoral galego do Proxecto de Estatuto de autonomía, un proceso político encamiñado ó recoñecimento dunha personalidade política diferenciada galega tiña que remontarse no tempo ben máis aló dos cinco anos que durou a II República española. Así o concreto proceso de elaboración do Estatuto de autonomía galego inxírese nun proceso máis amplo, o do diferencialismo galego na época moderna, do que quizais se atopen xermolos xa nos anos finais da primeira década do século pasado, pro que en todo caso patentizase de xeito innegable na década dos corenta do mesmo século.

A partir daqueles anos, pódense distinguir tres momentos principais no diferencialismo galego: o «provincialismo», o «rexionalismo» e o «nacionalismo», que traducen en termos xerais unha radicalización da pretensión diferencial e unha relativa ampliación da base popular do movemento. O nacionalismo galego pódese datar a partir do 1916, e son os nacionalistas galegos os principais impulsores do proceso estatutario nos tempos da II República española. Como talis nacionalistas arelaban algo máis ca unha autonomía rexional pra Galicia, pro a súa principal organización nos tempos que nos ocupa —o Partido galeguista— escolléu unha táctica gradualista, entendendo que o Estatuto sería o primeiro paso cara ó obxectivo final: a autodeterminación nacional, ou como algunhas veces se dixo con fórmula máis equívoca a «autonomía integral» de Galicia.

No proceso estatutario secundaron a iniciativa nacionalista diversos sectores rexionalistas e forzas burguesas españolas actuantes en Galicia. O derradeiro acto deste proceso, o refrendo aprobatorio polo corpo electoral galego, produciuse ó amparo da plataforma electoral do Frente Popular, sendo os azañistas de **Izquierda Republicana** e o entón pequeno Partido Comunista



español os grupos políticos non galeguistas máis favorables á autonomía galega. Xa de cheo na guerra civil española o Partido Comunista asumíu decididamente o obxectivo da autodeterminación nacional pra Galicia.

Deica aquí, na síntese sumarisima que impón un artigo desta caste, a historia do qué foi o estatuto galego. Agora, cando se tenta o restablecemento da democracia no Estado español, rexurde o problema da cuestión nacional galega, como a vasca ou a catalá. Este rexurdimento do problema é constante na época contemporánea cada vez que se trata do cambio de réxime do Estado español, constancia sintomática da existencial real do problema e da súa non satisfactoria resolución. Teóricamente pódese postular que a resolución do problema pasa pola autodeterminación do pobo galego ou, lóxicamente, polo seu contrario, a heterodeterminación, esto é que a resolución do problema nacional galego veña decidida no cadro do Estado español, sen lle atribuír ós galegos como colectividade ningunha participación específica. Tamén teóricamente esta solución heterodeterminada poderíase concretar nun Estado español unitario sin autonomías rexionais, ou sexa un Estado centralista nido, un estado español unitario con autonomías rexionais sobor do modelo da II República, ou un Estado federal, como tres grandes tipos posibles, que admiten unha chea de concrecións intermedias.

Entrementes as forzas que loitan polo restablecemento da democracia en España en modo algún invocan como punto de partida a reanudación da vixencia da Constitución da II República, algún dos grupos políticos partidarios do sistema das autonomías rexionais, moi caracterizadamente o Partido Comunista de Galicia (P.C.G.), pretenden que o Estatuto galego de 1936 é o obxectivo actual na cuestión das relacións entre Galicia e o Estado español. E por eso que o Estatuto non é só historia, senón un dos puntos clave da polémica político-ideolóxica actual no noso país, como decía ó comenzo. Deixando aparte as posturas centralistas, que son minoritarias na oposición democrática, a posición encol do Estatuto do 1936 ven ser pois unha liña de demarcación

entre os partidos nacionais galegos e as axencias ou organizacións en Galicia dos partidos españois.

En contra da reivindicación do estatuto de 1936 pódese aducir, de primeiras, o feito innegable de que, aquel formaba parte dun orden xurídico-político, o estado da II República, que ó non se ter previsto o seu restablecemento fará absolutamente inviable o funcionamento do estatuto. De aquí que os defensores do restablecemento do Estatuto falen ás veces de restablecemento do seu espírito, ou da súa parte orgánica tan só, etc. Esta postura de feito supón a asunción do sistema das autonomías rexionais, coa garantía ou a limitación, según se olle, de partirmos xa dunha certa concreción xurídica do mesmo.

Os partidos nacionais galegos, moi caracterizadamente a UPG (Unión do Pobo Galego), existen en troques a autodeterminación, o que supón necesariamente un proceso constituínte galego diferenciado, e non tanto por razóns xurídico-abstractas senón polo vencellamento dos obxetivos nacionais galegos ós intereses das clases populares, intereses que atoparían no Estatuto un instrumento absolutamente insuficiente, cando non inútil de todo.

As veces os partidarios do Estatuto xustifican a súa política nunha táctica gradualista, semellante á do Partido Galeguista no 1936, pola que o Estatuto sería un paso cara á autodeterminación. Esta pretensión suscita dúas castes de consideracións. En primeiro lugar unha de credibilidade. A reivindicación estatutaria aparece como un intento de diversión ou de asimilación do pulo acadado polo movemento nacionalista galego. A práctica política destas forzas non acredita que, en verdade, persigan ese obxectivo final que, ás veces, confesan. As aparencias de autonomía que os partidos de esquerda españois atribúen ás súas organizacións en Galicia, pola simples adxunción do adxectivo «Galego» ou do xenitivo «de Galicia» contrastan tan gravemente coa súa práctica de axencias das organizacións correspondentes a nivel de Estado que lonxe de favorecer-la a súa credibilidade, perxudícanas. A segunda consideración é a de, suposta a credibilidade, se hoxe está xustificada unha táctica gradualista encol da autodeterminación. Eu penso que é neste aspecto onde se plantexa con máis agudeza a interrelación dialéctica entre os obxetivos nacionais galegos e os intereses do proletariado e do conxunto das clases e camadas populares. O colaboracionismo de clase impón a renuncia ós ouxetivos nacionais. Frente á interpretación «dogmática ortodoxa» que xustificaría o relegamento ou a indiferencia á problemática nacional ó servizo dos prevalentes intereses de clase, penso que os feitos destes nosos mesmos días amosan a verdadeira face da moeda: é a posición de conciliación de clases que defenden os dirixentes dos grupos pro-Estatuto, o que lles impide a efectiva asunción da problemática nacional galega, a suscripción dende hoxe e sin reservas do dereito de autodeterminación do pobo galego, coa consecvente adopción dunha práctica coherente con tal postulado.

As dúas da mañán dun sábado no mes de novembro, Gómez Vilasó —publicista e esperto en diagramación e maquetado— botada fora os últimos fantasmas do sono pra poder confeccionar unha portada de revista. Era a primeira vez que tiña que sobreimprimir textos integramente galegos nun traballo deste tipo, e cicáis por eso non acababa de ver clara a prohibición de utilizar hórreos, prados ou paisanos con boina como elementos de composición gráfica. Hastra cáseque tres horas antes, cinco periodistas —Freixanes, Palmeiro, Navaza, Rivas e Vence— mantiveran unha longa e non sempre tranquila conversa pra decidir, entre outras moitas, esa particularidade da publicación. Todos eles —diseñador e periodistas— xunto cunha verdadeira morea de profesionais da comunicación, representaban o acto final dunha obra que iniciaran dous anos antes un fato de persoas mínimamente relacionadas co papel e a letra impresa. Unha obra que podería chamarse —que se vai chamar— TEIMA.

## TEIMA QUE TEIMA NACEU

# UN SEMANARIO PRA UN PAIS

«¿Unha revista en galego? ¿toda en galego? ¿pro quen vai ler eso?» Os promotores deste semanario non querían nin acordarse do número de veces que tiveron que ouvir frases de parello contido cada vez que espoñían a alguén o seu proxecto, Proxecto que nun principio foron dous, nados mais ou menos polas mesmas datas e paralelamente desenrolados deica a unión dos respectivos grupos promotores, en xaneiro do setenta e cinco. Pro foi no outono do setenta e catro, ca chegada dos primeiros fríos e os derradeiros estudantes a Compostela cando Carlos Casares, escritor, interrompíu casualmente unha xuntanza que se celebraba na parte vella da cidade, no interior dun cuarto ateigado de fume de pitillos. De non ser porque coñecía a meirande parte dos reunidos —o licenciado Daniel Pino, o economista Xan L. Facal, o abogado Enrique Aller, e o arquitecto César Portela, entre outros— Casares pensaría nunha de tantas reunións políticas que, a carón das primeiras veleidades liberáís do franquismo froleaban un día sí e outro tamén en caseque tódolos puntos deste país.

### O CONTACTO CASARES

Nembargantes, a conversa que viñan mantindo os reunidos no tiña o máis mínimo punto de contacto coa política partidaria. Cun inicial asombro que pouquiño a pouco se ía trocando en alegría, o último incorporado á xuntanza poido saber que o que se preten-

día nela era a edición dunha revista integramente escrita en galego e fundamentalmente baseada na información. Á Casares faltóulle tempo pra comunicar pola súa banda ós reunidos a existencia doutro grupo promotor con obxetivos practicamente idénticos. Algúns días máis tarde xuntábanse o representantes dos dous conatos de empresa periodística pra chantar definitivamente as raigañas do que dende xa é TEIMA.

O que se podería chanar «grupo Casares» era na realidade un terceto formado polo propio escritor, o catedrático Xosé Manuel Beiras e o periodista Luis Alvarez Pousa. Utilizando a casa compostelana do tamén escritor Ramón Piñeiro prás súas conversas, o trío levaba xa algúns meses matinando na posibilidade de editar unha revista que, en principio, sería mensual e estaría da cabalo entre o «Nouvel Observateur» parisino e o madrileño «Cuadernos para el Diálogo». Nalgún intre de especial desesperación, os tres homes chegaron a acariña-lo proxecto de por novamente na rúa a «Revista de Economía de Galicia», pensando en facela derivar despois a eidos non somentes económicos. Rexeitada —polos moitos atrancos que iba supoñer— esta primeira idea, Casares, Beiras e Pousa decidiron cambiar algúns aspectos do seu plantexamento inicial. Así, no intre de establecer contacto co outro grupo promotor, pensaban xa nunha

publicación esencialmente informativa, quincenal e de formato económico. Inda non era a TEIMA definitiva, pro achegábaselle bastante.

### POLO VIEIRO DA PROFESIONALIDADE

Pola súa banda, o grupo sorprendido en xuntanza por Carlos Casares (grupo que algúns identificarían erróneamente co Colexio de Arquitectos, por mor da pertencencia de varios dos seus membros a esa institución) tiña tamén nas mentes unha revista de periodicidade corta, e fundamentada na información. As diferencias entre posturas de uns e outros tiñan moito máis que ver coa forma que co fondo da cuestión. Así, mentras que Casares, Beiras e Pousa coidaban que a publicación debería facerse cun núcleo moi reducido de profesionais (o propio Pousa e o ourensán Alfonso Sánchez Izquierdo como director), os homes ligados dalgunha maneira ó Colexio de Arquitectos de Galicia parecían preferir, pola contra, un medio de comunicación profesionalizado hasta o extremo. Trala aceptación xeral desta última idea, o grupo promotor do que hoxe é TEIMA quedou definitivamente unificado. Era entón —xaneiro do 75— o moento de programa-las primeiras xestións.

### UN BOUTIZO CON ATRANCOS

Os pais da criatura comenzaron por enfrentarse co primeiro problema que

# GALICIA INFORMACION

se plantexan tódolos responsables de partos: o de poñerlle nome a cousa que ha de nacer. «Andivemos dende un principio —dí un dos que participaron naquelas discusións— á procura dun nome que soase agradablemente, que estivese difundido na fala popular e relacionado dalgún xeito coa intención que nos animaba». Baixo coa perspectiva, e con certa timidez por parte dos que o facían, fóronse aventurando algunhas palabras. Falóuse de «Rúa Nova», de «Montouto», de «Sálvora», de «Seixo», de «Fervenza»... e hastra de «Seitura», qu finalmente serviría de cabeceira pra unha revista de pensamento que ten bastante que ver con TEIMA. Este último que foi o nome definitiva e unánimemente adoptado por tódolos promotores, había provocar posteriormen-

### REDACCION Anxel Vence, director



Anxel Vence Lois, 24 anos de idade —cáseque 25— será o responsable da publicación ante o Ministerio de Información e Turismo. Graduado en Periodismo pola Escola Oficial de Madrid —onde fundou un seminario de estudos galegos— traballaría posteriormente en diarios de Valladolid, Lugo, Murcia e Vigo. E o máis pequeno de cinco irmáns e está solteiro.

En TEIMA ocuparáse de coordinar-la información de Galicia, ademais das tarefas propias da súa función.

te máis dun problema pola súa coincidencia fonética cos doutras revistas.

### OS TEMPOS DO OPTIMISMO...

Conquerido o nome, os teimudos pro motores deste semanario pensaron en buscarlle un corpo proxecto. Luis Mariño, santiagués polifacético, foi o encargado de realiza-lo primeiro diagrama de TEIMA. Traballando sobor dun formato parello ó definitivo, Mariño elaborou un fato de páxinas a golpe de letreset e recortes de prensa. A maqueta xeral gárdese aínda hoxe agarimosa-mente no arquivo da prehistoria deste revista.

Aunque posteriormente quedara relegado, este primeiro diagrama serviu pra infundir un irrefrenable —por concreto— optimismo a tódolos promotores. Se alguén lles dixera por aquel entón —primavera do setenta e cinco— que faltaban cáseque dous anos para que TEIMA poidera asoma-la súa portada ós quioscos, probablemente pensarían nun quioscos, probablemente seu interlocutor. O ambiente xeral non invitada a crer outra cosa. En pleno des- tape ideolóxico-erótico da prensa española, o «novo» aire do Ministerio de Información de Cabanillas parecía prometer un paso máis ou menos doado

polo estreitísimo túnel do Rexistro de Empresas Periodísticas.

De calquer xeito —e tendo en conta o aforro de burocracia antes que outra consideración— tentouse a compra dun permiso xa existente: o que lle fora concedido, como opción, a «Lumeiro», a sociedade editora do tebeo «Vagalume», Dende a ampliación de capital da propia «Lumeiro» hastra a asociación de empresas, foron estudias tódalas posibilidades. Finalmente, os atrancos superaron con moito ás hipotéticas ventaixas, e o proxecto pasou ó inventario das intencionas falidas de TEIMA.

### ...E OS TEMPOS DO PESIMISMO

Os preparativos pró envío da solicitude de inscrición ó Ministerio cadraron co período previo ós cinco fusilamentos de setembro, e co conseguente enrarecemento no clima político-social do Estado. O decreto-lei de prevención do terrorismo, que máis ben viña a previrnos das liberdades de expresión, puxo lastre de prudencia no ánimo dos promotores. Prodúxose, porén, un «impasse» que duraría hastra o morte do xeneral Franco. Ese longo tempo de impotencia foi aproveitado polos homes que

#### REDACCION Manuel Rivas, o máis novo.



Manuel Rivas Barrós, 19 anos de idade, é a máis recente adquisición de TEIMA. Cursa estudos de Socioloxía e Periodismo en Madrid. Traballou deica agora no «Idela Gallego», da Cruña, onde se estrenara como poeta-periodista ós quince anos cuns versos titulados «O bus dos obreiros».

Ademais de ocuparse da sección «Vieiros», de Rivas coídará de parte da información de Galicia, con especial adicación á zona norte do país.

#### REDACCION Luis Alvarez Pousa, un pioneiro



Luis Alvarez Pousa, 28 anos de idade, é o único periodista que participou nas reunións iniciáis que darían orixe ó que hoxe é TEIMA. Traballou deica agora nunha emisora de Ourense e nas delegacións ourensá e santiaguesa da «Voz de Galicia». Fállalle somentes un ano pra remata-la carreira de Periodismo. Impulsou as Xornadas de Cine Galego e ten publicado un libro de poesías: «Os cans da vida».

Pousa, actualmente na «mil», incorporaráse a TEIMA nos primeiros meses do setenta e sete.

## OS PRECURSORES

Inda sendo TEIMA o primeiro semanario de información xeral íntegramente escrito en galego, moitas publicacións, de diferente contido e periodicidade, utilizaron denantes da guerra civil o noso idioma como vehículo exclusivo de cultura.

Sin pretender esgota-la relación —o espacio non abondaría— ve-leiquí algúns dos máis significativos:

- O VELLO DO PICO SAGRO (A Cruña, 1861. Era un prego de cordel).
- O TIO MARCOS DA PORTELA (Ourense, 1876. O periódico de Lamas Carvajal).
- O SEOR PÉDRO (Santiago, 1881).
- A TIA CATUXA (Pontevedra, 1881).
- O GALICIANO (Pontevedra, 1882).
- A FOLIADA (A Cruña, 1884).
- A GAITA GALLEGA (Habana, 1884).
- A MONTEIRA (Lugo, 1884).
- O LABREGO (Lugo, 1891).
- AS BURGAS (Ourense, 1894).
- CALDO E TOUROS (Ourense, 1908).
- A NOSA TERRA (1917. Subtitulábase «Idearium das Irmandades da Fala de Galicia nas colonias galegas de América e Portugal. Algunha vez publicou traballos en castelán).
- NOS (Ourense, 1920).
- LOGOS (Pontevedra, 1931).
- ALENTA (Santiago, 1933).

a pesares de todo teimaban no proxecto, pra concreta-los derradeiros aspectos ideolóxico da publicación. Coincidiron todos no fundamental: a revista tiña que ser un instrumento pra dar a

#### REDACCION Victor F. Freixanes, organizador



Victor F. Freixanes, 25 anos recién cumpridos, xogou un importante papel na estruturación do corpo redaccional da revista. Licenciado en Filoloxía Románica —carreira que se pagou él mesmo colaborando nos periódicos— é autor dun libro que vai xa pola segunda edición. E o maior de oito irmáns, está casado e vive en Vigo. «Nunhs casa dende a que se ve a ría», dí con paisaxístico orgullo. Leva a corresponsalía galega do madrileño «Informaciones».

En TEIMA, Freixanes ocuparáse da sección cultural. Estará encargado tamén de un análisis semanal que abre a sección «Pobos Ibéricos», e de parte da información de Galicia.

#### REDACCION Palmeiro, experiencias noutros medios



Xosé María García Palmeiro, 28 anos de idade, licenciado en Historia pola Universidade de Santiago, adicouse dende sempre ó periodismo profesional. Iniciouse dirixindo un periódico xuvenil en Lugo. Xa en Compostela proseguiu colaborando en prensa e radio. Xunto con Víctor Freixanes puxo en antena na emisora Radio Galicia un programa informativo semanal.

Rematada a carreira, entrou a traballar na delegación da «Voz de Galicia» en Santiago, onde cadró con Pousa. Trála ausencia forzada deste último, pasou a encargarse da Delegación, alternando o traballo co de redactos presentador no programa de televisión «Panorama de Galicia», adicándose únicamente á información en galego.

En TEIMA ocuparáse das seccións «Resto do mundo» e «Pobos Ibéricos», ademais de coordinar «Cartas á Dirección».

conoce-la realidade galega, dende unha perspectiva antridocinaria que permitiese o libre xogo dun espectro de opinión moi amplo. As dificultades de expresión que se plantexaban, entón e agora, a bastantes das gamas dese espectro neste país, tornaban especialmente pesimista o cálculo de posibilidades naquel violento vrán-outono do setenta e cinco.

#### A RECTA FINAL

A morte, en novembro, de quen durante corenta anos protagonizara a máis longa dictadura do século no Estado Español, voltou a abri-las portas a esperanza dunha liberalización que permitira a saída da revista. Vendo xa a luz o final do túnel, os promotores de TEIMA aceleraron tódolos trámites necesarios: foi encargado un estudio económico, buscáronse compromisos persoais prá formación dun capital mínimo e preparáronse os estatutos da sociedade editora. A contratación dun xerente, o pontevedrés Alfonso Rivas, culminou o proceso, en febreiro do sesenta e seis.

#### REDACCION

Xavier Navaza:  
De Catalunya  
a Galicia



Xavier Navaza Blanco, 28 anos de idade, asentárase había xa seis anos en Barcelona, onde bebéu na fonte de Canaletas e traballou pra distintos medios («Plataforma» de Madrid e máilo «Tele / eXprés» da cidade Condal, do que é corresponsal no noso país) e na radio sevillana. Licenciado en Ciencias da Información pola Facultade catalana, tiña tentado denantes estudos de Ingeniería Naval. Tocou, tamén, durante un tempo, a batería en conxuntos musicais da Coruña e Barcelona. E noveno de once irmáns e está solteiro.

En TEIMA estará adicado fundamentalmente á información de Galicia —é un gran coñecedor da entrevista e do reportaxe— amén da sección «Fiadeiro».

## CONSELLEIROS PRA UNHA SOCIEDADE

Nove homes forman o Consello de Administración da «Sociedade Galega de Publicacións», editora de TEIMA. Estes son os máximos responsables da revista:

PRESIDENTE: Domingo García Sabell, doctor en Medicina.

SECRETARIO: Oscar Fernández Refoxo, abogado.

VOCALES:

Miguel Silva Suárez, arquitecto.  
Román Padín Montenegro, industrial conserveiro.  
Antonio Vega Guerrero, profesor mercantil.  
Xenaro Mariñas del Valle, escritor.  
Manuel Gallego Jorrete, arquitecto.  
Domingo Fernández del Riego, farmacéutico.  
Xaime Aller López, traballador da Banca.

Den entón a esta datas, acadáronse tódolos elementos necesarios —que non son poucos, precisamente— prá saída dun semanario de información xeral. Foron contratados seis periodistas de plantilla (Luis Alvares Pousa, Víctor Fernández Freixanes, Xosé María García Palmeiro, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós e Anxel Vence Lois) e establecéronse contactos con distintos talleres de deica a firma dun acordo de impresión coa «Voz de Galicia». Gómez Vilasó confeccionou a maqueta definitiva, e Charo Alvarez e Francisco Fernández —do Instituto da Lingua Galega— abordaron, xunto con Carlos Casafes, o arripiante problema

#### XERENCIA

Rivas,  
o home dos números



Alfonso Rivas Fraga, 32 anos de idade, e o xerente deste semanario. Esperto en estudio de mercados, técnicas de publicidade e organización empresarial, foi o encargado de levar a bó porto a meirande parte das xestións necesarias prá saída de TEIMA. Cursou estudos de Ciencias Económicas na Universidade de Bilbao. Casado, catro fillos.

En TEIMA desempeñará tódalas funcións propias do seu cargo, controlando os custos e a marcha da publicidade. E o máximo responsable práctico da Administración da revista.

do idioma «Partindo da base de que a xente pode ler e falar galego —explica Charo— o principal problema a resolver era a falla de normas pra evitar que cada quén escriba como lle pete». Charo e o seu home —que pensaron incluso en elaborar un léxico coas máis habituais palabras do linguaxe periodístico— coinciden en suliñar o fundamental papel que pode xogar TEIMA na normalización do galego.

Pro pra que TEIMA esté hoxe nas máns de calquera home deste país foron necesarias máis de duascenas reunións, milleros de contactos e incontables colaboracións baseadas no desinterés e patriotismo de quen as prestaba. A toda esa xente que non figura no «staff» da revista, débelle Galicia un semanario. Un semanario que naceu pra traballar por un país : este.

#### DISEÑO

Vilasó  
home polifacético



Nacido en Santiago hai trinta e oito anos, Xosé Manuel Gómez Vilasó é o diagramador e confeccionador da revista. Pintor con máis de cincuenta exposicións vendidas, Vilasó adicóuse nos últimos tempos á publicidade.

Está casado e ten dous fillos.

# GALICIA INFORMACION

#### LINGUAXE

Charo Alvarez  
e Francisco F. Rei:  
Por un galego  
limpo e fixo



Charo Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei forman un matrimonio de lingüistas cunha fundamental responsabilidade en TEIMA. Eles son os autores —xunto con Carlos Casafes— das normas ortográficas e morfolóxicas polas que se rexirá a redacción. Por outra banda, está entre as súas misións revisar todo o orixinal (excepto as cartas dos lectores) que se publique na revista.

Charo naceu en Pontevedra e Paco en Cambados. Ambolos dous teñen 24 anos. Son pais dun rapaz chamado Brais.

Celebráronse hai pouco en Pontevedra as Xornadas Sanitarias organizadas pola Federación de Partidos Socialistas, nun intento de ofrecer a tódolos cidadáns un novo modelo sanitario centrado na saúde como resultado dun xeito de vida san, fundamentado nun ambiente sicofísico favorecedor daquela e protexido por servizos nacionais da Saúde, federados a nivel de Estado Español. Asistiron por Galicia Darío Alvarez Gándara i os doctores Claro e Yuste Grijalba. Como invitados, Rodolfo Giner, do P. S. do País Valenciano; Pedro Sabando, do asturiano, e José Cambroner, de Madrid. Guillermo Campos estivo ali e conta o que se dixo.

## XORNADAS SANITARIAS MIRANDO POLA SAUDE... FEDERAL

Centráronse as ponencias en tres temas, fundamentalmente: un estudio prospectivo e crítico da situación sanitaria, as implicacións profesionais dos novos conceptos operativos na saúde pública, e a posición do sector farmacia no total sanitario.

### FARMACIAS, NEGOCIO MAIS CA SERVICIO

Escomencemos por resumi-lo contido desta derradeira ponencia — o tema farmacia — que pra este observador adoeceu somentes dunha cuestión: xunto á abundancia de datos a nivel estatal non se esmiza a parte que o protagoniza todo, o país galego.

Datos xerais do 1974. 67 factorías de produción de primeiras materias e 531 de especialidades farmacéuticas. O sector daba traballo a 36.057 obreiros. 75 por cento do sector con pequena capacidade productora. O valor da produción alcanzou os 64,4 miles de millóns. Do total de laboratorios, 70 dependen de multinacionais e outros 16 utilizan produtos con patente estranxeira, ou sexa que o 45 por cento do valor da produción está baixo a dependencia económica e tecnolóxica do extranxeiro. 127 laboratorios suministran o 70 por cento da demanda da Seguridade Social. 53.787 millóns de pesetas consumiu a S. S. en medicamentos no dito ano, catro anos antes soio 26.161.

En canto a investigación díxose que en moito casos é esportada e pagada de novo ó estranxeiro, que a industria farmacéutica española é cativa. Existen rexistradas máis de 30.000 presentacións. Moitas especialidades non son máis ca fórmulas maxistráis fabricadas en serie, moitas veces innecesarias, elaboradas máis de acordo cos intereses dos fabricantes.

Noutra cousa houbo unanimidade: a confusión producida por infinidade de nomes comerciais que queren decilo mesmo agachando os nomes xenéricos



CAMBRONERO, DE MADRID.  
Un «quest star» do centro

e científicos. A falta de razón terapéutica do 8 por cento das especialidades rexistradas: 15.427 destas son asociacións das que a eficacia sinérxica é moi dudosa.

Os precios, moi elevados en xeral. En canto a distribución — datos do 1976 — realízana 60 cooperativas de farmacéuticos, 61 sociedades anónimas constituídas tamén por boticarios e 184 entidades privadas. As dúas primeiras copan o 83 por cento do mercado.

«A prescripción de produtos farmacéuticos — dise na ponencia — non rexe somentes como debora por criterios científicos senón que está afectada por factores bastardos como o pago de porcentaxes por prescripción, bonificación dende o laboratorio, publicidade, etc.» A falla de vixilancia permite a industriais e profesionais da menciña e da botica eludir cargas fiscais.

Chegouse ó acordo de que a política de ordenación farmacéutica ha percurar tres fins: que o medicamento sexa eficaz, accesible e económico. E como esto non se compra apuntáronse estes camiños de solución: que a industria farmacéutica española non teña dependencias internacionais, é dicir chegar a unha farmacia nacionalizada; creación



A MESA PRESIDENCIAL.  
«Pexegos» e Medicina



YUSTE GRIJALBA NO ESTRADO.  
Mellorar a sanidade dende dentro.

dun rexistro-filtro con estrícto control de especialidades, presentación, precios, establecemento de farmacias no sector público e publicidade.

### O PERSOAL QUE FARA FALTA

Outra das ponencias desenvolvía a estratexia de persoal, as implicacións profesionais dos novos conceptos operativos. Con tal alternativa percúranse tres obxetivos: incremento da forza de traballo no sector, millor formación e meirande produtividade social.

Despois de presentar unha tipoloxía do persoal sanitario — agrupado por categorías, segundo o nivel educativo, desde universitarios abaixo (semi ou non especializados) pasando polo nivel alto (educación médica sin título superior) e intermedio (educación médica parcial) — analízanse os factores condicionantes da demanda no sector saúde, o incremento da forza de traballo (aumento das especialidades en tódalas carreiras actuais, creación de novos títulos — persoal non universitario pra parcelas hoxe desempeñadas por aqueles; A.T.S. e similares como diplomados en menciña e estes expandilas súas especialidades a toda a gama de funcións sanitarias — aproveitamento maior da profesión farmacéutica e doutras coma veterinarios, estomatólogos; en terceiro lugar, creación de novas carreiras e profesións sanitarias, e incremento do persoal de formación médica intermedia.

Apuntáronse tamén os criterios pra formación do persoal sanitario: eliminar

calquer tipo de «numeros clausus» por un xusto, incluír ensinanzas máis modernas e humanísticas e materias hoxe subdesenvoladas (planificación familiar, epidemioloxía, etc.), elimina-lo tono elitista dos estudos de menciña, estendela formación á asistencia primaria e siquiátrica e á menciña de familia. «Unha parte considerable das ensinanzas que reciben os estudantes das carreiras sanitarias e irrelevante pró exercicio posterior da profesión».

Conclúese recoñecendo a escasa produtividade social, que debe ser aumentada mediante a formación dunha conciencia social dos profesionais, redistribución xeográfica do persoal pra atender zonas rurais e barrios urbanos, e a dedicación exclusiva ó sector público.

### A REFORMA-CREBA SANITARIA

«Vémo-la reforma-creba sanitaria — comentoulle a esta revista un dos poñentes — como un proceso social do que o punto de partida se centra na situación sanitaria actual, que espertos e profanos conceptuamos como magoante, e de quen a chegada significara unha nova fronteira na saúde de tódolos españois: máis saúde pra toda a poboación».

O proceso de creba ven razoado polos cambios rexistrados na epidemioloxía, na demografía (máis mortes por enfermidades crónicas, involuntarias ou senís) na política (máis nivel de esixencia sanitaria), de financiación (máis costes) o caos sanitario (a sanidade presenta un espectáculo de dispersión, duplicidade, incoordinación), apuntándose como liñas de tendencia pra creba: entender a saúde como o «resultado físico psíquico e social dunhas determinadas estruturas sociopolíticas». Hasta agora era a enfermidade o centro do sistema. O importante e percurar que se manteña a saúde pra esto conta tanto a menciña coma a vivenda, a educación, a alimentación, o urbanismo, o traballo, e o lecer. Compre atender non sóio ó establecemento do sistema asistencial senón á salubridade do medio ambiente á modificación dos hábitos e xeitos de vida. Preconízase a conceptualización da seguridade social como función do estado e a socialización da menciña, organizado dende un ministerio «ad hoc». Hai que

(Pasa á páxina seguinte)

# GALICIA INFOR- MACION

(Ven da páxina anterior)

facen accesibles servizos e actividades de prevención, o fomento da saúde especialmente nos sectores marxidados social e xeográficamente.

Os reunidos estimaron como pilares fundamentais da creba sanitaria, os seguintes: redución da mortalidade por doenzas infecciosas por accidentes laborais, infantil, por accidentes de tráfico, por cirrosis hepática, por alcoholismos, por cancro broncopulmonar nun 10 por cento e outro tanto por bronconeumopatías.

Doutra banda, perséguese unha mengua da morbilidade en importantes porcentaxes anuais pra o tétanos, o crúdo, a poliomielitis, o xarampelo, as febres tifoideas, a brucelosis, a tuberculosis, e a febre reumática, así como a erradicación do tracoma e a ophtalmia e a obtención dunha vecuna pra meningitis. Mengua tamén na morbilidade por accidentes domésticos (hasta menos de casos), de circulación, laborais. Supresión da morbilidade por malnutrición e carencias na infancia e adolescencia, das malformacións conxénitas por rubeola. Reducir-la incidencia do bocio, da subnormalidade por causas obstétricas e infecciosas e supresión das «yatrógenas», redución, da incidencia da diabetes e das hipertensións ignoradas nun 50 por cento. Respecto da expectativa de vida, pasar de 70 anos, 69 homes e 74 mulleres, a 75 anos.

## O NOVO MODELO SANITARIO

O novo modelo sanitario perfila unhas accións sobre o medio ambiente (supresión dos factores insalubres do medio físico artificialmente remodelado, considera-lo ambiente como un «elemento de produción» de saúde), accións sobre a bioloxía, sobre o modo de vida (calidade do medio e responsabilidade do individuo da súa propia saúde), sobre o sistema asistencial: mención preventiva, positiva, sin discriminacións sociais nin económicas, que non xenere plusvalías. E entre accións a realizar pra acadar uns cuidados médicos de tais características, propúxose que a responsabilidade da organización do sistema de cuidados médicos a asuman os estados federados, que se cree un servizo nacional da saúde con xestión federada do que serían beneficiarios tódolos cidadáns e turistas proporcionándolles cuidados médicos completos

e financiándose cos impostos. Prepónse tamén a liberdade pra elección de médico e o sometimento a un estatuto de exercicio libre e prestación privada da mencións prós que non se integren no servizo.

A comarcalización da asistencia sanitaria defínese en niveis graduais segundo as necesidades.

Un primeiro nivel local a implantar en tódalas zonas rurais e barrios urbanos. Asistencia médica xeral, baixo a dirección do médico de familia, a 1.500-3.000 persoas.

Logo un nivel comarcal, de apoio á asistencia primaria, a implantar nas cabeceiras de comarca. Un centro pra 50-100.000 habitantes ou 20-30 unidades locais.

Siguella o nivel provincial a establecer nas capitais ou poboación de máis de 100.000 habitantes, o nivel estatal a establecer nas capitales dos estados federados ou cabeceiras de rexión e derradeiramente o nivel federal encargado da planificación e avaliación das actividades, información e estadísticas, normalización de técnicas, investigación e estudos e produción de produtos terapéuticos.

Quedou por elaborar nestas xornadas pontevedresas, anque está no programa, a ponencia de financiación e unha nova lei de Sanidade.

A estratexia pró proceso de creba sanitaria en Galicia xa está plantexada. Un participante nas xornadas comentou: A reforma sanitaria é sentida e pedida por todos. Hoxe por hoxe é un obxectivo político, polo tanto aberto ó debate de todos e cada ún dos implicados que, se ben se mira, somos tódolos cidadáns.



SABANDO, DO P.S. ASTURIANO.  
Pedindo outra Sanidade.

Unhas oitocentas mulleres concentráronse ás seis da tarde do pasado día seis de novembro na praza de San Xosé de Pontevedra. Atópase alí a Caixa Rural, que prestara as instalacións pra que o Movemento Democrático de Mulleres poidera celebrar unha mesa redonda encol da súa problemática. O acto non foi autorizado, e da prohibición non se soupo oficialmente hastra o día previsto. Mulleres vidas das catro provincias galegas, despois de estudar o que se podía facer, decidiron camiñar hastra o Goberno Civil pra preguntarlle ó señor Martínez Villaseñor as razóns da súa actitude.

## PROHIBICIONS

# Que calen as mulleres

*Pacíficamente, e sin a compañía visible das forzas do orden, as mulleres chegaron onda as «Ruínas de Santo Domingo». Alí, as que tiñan de falar constituíronse en grupo pra visitar ó Gobernador pedíndolle ás compañeiras que esperaran ordenadamente.*

*Sáronlle ó paso entón dous inspectores da Brigada Político-Social e un brigada da Armada asistido por uns sete números. Prodúxose un diálogo en termos moi amables. «O Gobernador non está, non hai ninguén que poida atenderlas» dixéronlle os representantes do orden. As mulleres espuxéronlle que non percuraban outra cousa que coñecer do Gobernador unha explicación coherente da súa negativa. «Tiñamos todo organizado e costúonos moitos cartos. Hai que pagalos autobuses, a xente desprazouse dende lonxe. A negativa da que non se nos avisou con tempo, non ten explicación: o noso é un problema social, non político».*

*Sempre con boa forma, os representantes da autoridade conmináronas a que se dispersaran, pra non ter necesidade de intervir. Da negociación resultou unha proposta que Sara Alabán fixo ás asistentes: «Decidamos democráticamente se nos disolvemos ou non». Acordouse así, amais facer un escrito de protesta. Houbo unha asistente que mostrou directamente a súa desconfianza. «Eu vin a resolver os meus problemas. Teño o meu home sin traballo». Non posóu máis. As mulleres fóronse marchando prós bares ou prós autobuses que na propia Alameda esperaban.*

## O QUE FALARIAN

*O acto das mulleres quedou abortado, e centos de conxéneros —tamén había homes— quedáronse sin coñecer a alternativa a presentar. TEIMA estivo coas inibidas conferenciantes, que contaron o que iban falar.*

*Cuca Fernández iba plantexa-lo tema xeral da muller na Galicia analizando a súa situación económica nas clases oprimidas. Como as leis as controlan —segundo ela— e lles restan liberdade de acción. «A muller no traballo, na educación, nas relacións sociais —di Fernández—, ocupa sempre postos auxiliares e peor pagados; o neno é primeiro cá nena».*

*Lucía Somoza centraríase na tarefa a facer. «A muller —di— tivo moi pouca influencia ó longo da historia por diversas causas: entre elas, as represivas e a falta de educación».*

*Tamén iba facer un análise crítico*

*dos escasos movementos feministas habidos, tendo pensado deterse nos deste século, principalmente nas «mulleres libres libres» e no da Segunda República.*

*Mabel López pensaba chamar á unidade a tódalas mulleres, ofrecéndolle a alternativa do Movemento Democrático de Mulleres como válida pro recoñecendo que pode haber outras.*

*«O que queremos e acadar un grande frente dos movementos feminista e pra eso iba facer un chamamento pra obter ese grande frente unitario que englobe tódalas posturas».*

## POPULARIZAR O PROBLEMA DA MULLER

*Concha Lago incidiría nesta tarefa, que «anque escomenzada, quere un salto moi grande polos cambios sociais o pola popularización do problema da muller». Pide que «onde haxa unha muller consciente do movemento democrático, se agrupe pra poder concretar tódolos problemas a enfrentalos tal como se dean en cada sector e en cada movemento, pero non isoladamente, senón partindo dunha plataforma unitaria».*

*E recordando experiencias das I Xornadas pola liberación da muller celebradas en Madrid no 1975 e das da «dona catalana», dixo que estaban intentando unha campaña pra que en toda a nación se loite por dous puntos fundamentais: a planificación familiar (direitamentamente feminino) e a carestía da vida (non só por mulleres, pro no que poden ser promotoras).*

*Sara Alaban explicaría o programa do Movemento Democrático de Mulleres de Galicia, que consideran comente pra orgaizar a loita das mulleres pola solución da súa problemática no campo, no mar e nos centros urbanos.*

*Reivindican a coeducación, ensino obligatorio e gratuito deica os 16 anos, centros pra vellos e guarderías prós nenos e outros servizos, formación sexual pra homes e mulleres dende a escola, información e control sanitario pra muller xestante e medios anticonceptivos pra parella, acceso da muller a tódolos postos de traballo e iguais salarios, eliminación de tódalas leis de seudoprotección laboral da muller, anulación da licenza marital, patria potestade compartida, abolición da lexislación discriminatoria, establecemento do matrimonio civil, lei do divorcio que non sexa discriminatoria pra muller, legalización dos métodos anticonceptivos e despenalización do aborto.*

Parellas da Guarda Civil de Tráfico, números de a pé (armados todos) e membros da Brigada Político-Social atrancaban na mañá do sábado, día 31 de outubro, a carretera e camiños veciñais que levan ó mosteiro de San Salvador de Poio, da orden dos bieitos, á beira da ría de Pontevedra e a poucos kilómetros da capital, onde terían que se celebrar os XIV Coloquios de Parroquias, un dos lugares de encontro, xa tradicional, dos movementos progresistas da Igrexa galega

V. F. FREIXANES fai o relato.

## XIV COLOQUIOS DE PARROQUIAS

# MAIS ATRANCOS PRAS LIBERTADES

A última hora do vernos os organizadores souperon que o gobernador civil da provincia, Gervasio Martínez Villaseñor, prohibía a celebración dos Coloquios por primeira vez na súa xa longa historia. A orden basébase na existencia declarada de grupos políticos da oposición (non só de esquerdas, tamén de dereitas, uns máis nacionalistas, outros menos) que iban espoñer alí, diante de douscentos cristianos, as súas alternativas políticas, as súas solucións prá realidade galega. Esta edición dos Coloquios de Parroquias titulábase *O cristián ante a coiuntura política actual de Galicia* e tiñan anunciada a súa presenza en Poio máis dunha ducia de organizacións políticas e sindicais que hoxendía traballan ilegalmente no noso país.

Dende unhas semás atrás as diferentes organizacións presentaran xa por escrito as alternativas que logo iban defender pra que se estudiaran con certo vagar polos participantes. A nosa realidade política non ofrece moitas oportunidades pra un diálogo público, aberto e real entre as forzas da oposición. E tratábase de crear, como primeiro paso, o diálogo, a posibilidade de discusión, análise e crítica co antecedente de respecto mutuo doutros anos e edicións.

### MATINAR SOBOR DE GALICIA

Dividiríanse as xornadas (do sábado á luns) en dúas partes. Unha primeira adicada ó análise que as distintas tendencias políticas fan da realidade galega e as alternativas de futuro. Outra na que o cristiano, en canto tal e dende a súa fe persoal, matinaría encol da conxuntura política partindo dunha realidade concreta: Galicia.

«Tratábase dunha xuntanza de cristianos como outras que xa se realizaron do mesmo xeito e aínda baixo o franquismo, unha xuntanza convocada tamén por cristianos pra tratar cousas que nos compren» —explicaban a TEIMA os organizadores, logo da prohibición, á beira mesma da carretera que leva ó mosteiro porque a guarda civil non deixou pasar e alí mesmo houbo que redactar o escrito que dirixiron ós medios de comunicación. «A xuntanza tiña que celebrarse nun local da igrexa e pra elo tiñamos permiso do arcebispo de Santiago, monseñor Suquía, e máis dos fraides de Poio. Coidamos —engadían xa oficialmente no escrito— que a prohibición da autoridade provin-

cial é unha violación do Concordato, unha medida incoerente, contradictoria e arbitraria, increblemente regresiva se temos de conta que baixo a época franquista celebráronse trece coloquios» nos que participaron tamén grupos políticos.

### NEGOCIA-LA FE

O sábado pola mañá, logo de coñecer-la decisión do gobernador, que non leva máis ca unhas semás no cargo, un grupo de cregos foise entrevistar con él en representación do secretariado dos Coloquios.

Parece que o gobernador civil estaba disposto a negocia-la segunda parte das xornadas, ou sexa aquela na que o cristiano podería discutir e matinar sobor da realidade política do país, pro nunca a primeira, que se consideraba ilegal e inadmisibile. «Os grupos políticos que se anuncian non son legáis e non poden falar. Eu non podo dar permiso pra unha cousa así». Os cregos tampouco quixeron negocia-la segunda parte. «Sería como admitir que é competencia da autoridade civil determinar qué cousa é e qué cousa non é ser cristiano. Ademais, tampouco podíamos ofrecer-las garantías que esixía», decía logo unha nota da secretaría dos Coloquios.

«Parécenos discriminatorio o trato recibido —engadía o escrito— cando os partidos políticos fan a súa presentación pública ante centos de persoas e douscentos cristianos non poden reflexionar encol da súa vida e da súa fe». O tema desta edición dos coloquios fora votado masivamente na anterior edición celebrada en xaneiro e que estivera adicada ó papel da muller na sociedade galega. A aquela edición acudiran grupos políticos, anque a invitación non fora directa, e organizacións feministas con alternativas non somentes prá muller senón prá realidade do país, xa que as dúas cousas son inseparables.

### O PRIMEIRO COLOQUIO PROHIBIDO

Trece Coloquios de Parroquias, que ó principio se coñecían como «Os europeos», celebráronse na época franquista e entre grandes dificultades non somentes pola autoridade civil senón pola mesma xerarquía eclesiástica. Ningún deles foi prohibido.

Este debe se-lo primeiro enfrentamento Igrexa-Autoridade civil na Galicia do posfranquismo e a monarquía de Juan Carlos, anque se trate somentes dun sector da igrexa o máis progresista. No intre de

redactar este traballo ningunha autoridade nin institución eclesiástica de dentro ou fora de Galicia fixo comunicado ningún sobor dos feitos. Falábase entre os presentes en Poio (ou mellor, na beira da carretera que leva ó mosteiro) de esixir unha nota oficial do bispado Tui-Vigo, ou mesmo do arcebispo de Compostela, que ese mesmo día recibía ó seu novo bispo ausiliar. Pro non houbo respostas. Eran os cregos máis progresistas quen se axuntaba en Poio, cunha grande proporción de seculares e relixiosas novas.

TEIMA falou co bispo da diócesis Tui-Vigo quen dixo que a información que tiña non era máis cá dos periódicos e confirmou que o arcebispo de Compostela estaba informado de todo. Non poido decir, nembargantes, se habería ou non un comunicado da xerarquía. «Trátase dun sector da Igrexa galega —dixo—; pro todo o que é Igrexa nos preocupa. De calquera xeito non creo que se poida falar de enfrentamento Igrexa-Autoridade civil, senón dos problemas dun sector progresista da Igrexa. Nada máis».

¿Qué son estes Coloquios? Xentes do secretariado dos mesmos falan dun «encontro coa realidade, unha posibilidade de discusión, de

coñecimento e crítica da realidade dende perspectivas cristianas pro aberto a tódalas xentes» e que cada vez se amosan máis vencellados a Galicia. Escomenzaron, según explica un Documento de Información sobor dos Coloquios realizado precisamente no Coloquio número 10, «a partires dunha preocupación posconciliar», «as cousas puxéronse a fermentar no interior de moita xente e algúns viron a necesidade de achegarse e veron xuntos o que podían facer», «queríase facer algo dentro da Igrexa pro dende a base, non dirixido dende enriba».

A nova Igrexa galega, «minoritaria pro importante», que di Carballo Carballo, está eiqüí representada, e medróu con forza a partires de eiqüí, dende o primeiro Coloquio, que se celebróu no ano 1966 e ó que asistiran nada máis que 22 cregos das cinco diócesis galegas. Dendes daquela pra acó, os Coloquios de Parroquias foron deixando a súa primeira temática clerical pra chegaren e ser interpretacións ou posibilidade de interpretación cristiana do mundo galego nas súas angueiras, compromisos e esperanzas: un movemento social moi significativo na realidade do país de dez anos pra acó e que nesta edición atopóu o primeiro atranco legal.

«Ameazada de morte, levada polas fortes tensións internas, a I Asamblea de Monforte conquire pese a todo rematar —fa moi entrada a madrugada do día 16— entre berros e cántigas, apertas de emoción e bágoas. Foran un éxito formidable». Xosé A. Durán comentaba así nun estudo a I Asamblea agraria celebrada o 15 de agosto de 1908 en Monforte. Agora, no ano 1976

## A I ASAMBLEA LABREGA NON POIDO SER

A pesares de que o goberno civil xa dixera non días antes, o domingo día 7, nas rúas tranquilas de Monforte había Policía Armada. A solicitude presentada pola Asociación Agraria Galega pra celebrar a I Asamblea Labrega foi rexeitada, asegün a nota oficial, por non estar aínda legalizada tal asociación. Membros de A.G.A. declararon a TEIMA que «a prohibición é porque saben que ésto vai cara un sindicato ó marxén das Hermandades e queren evitalo».

Calculábase que ían xuntarse en Monforte uns 500 labregos. En principio aseguraran a súa participación xentes de Chantada, Terra Chá, Val de Lemos, Viveiro, A Fonsagrada, Castroverde, Melide, Curtis, Bergantiños, Encrobas, Pontecarreira, Negreira, A Estrada, Muros, Vimianzo, Carral, Carballiño, Cartelle, Sotomaior, Arbo, Salceda de Caselas e Morrazo. Tamén estaban invitados os comités de axuda ós labregos e o equipo técnico de A.G.A.

### UN «PROGRAMA MINIMO»

A Asamblea tería dúas partes: Unha na que se explicaría que é A.G.A. e a dinámica levada hastra agora, presentaríase o «programa mínimo labrego» pra ser discutido e espoñeríanse diversos problemas do agro galego. A outra parte sería máis ben festiva, xantar en comunidade e actuación do ventrílocuo Antón.

«Dentro da Asociación —dixeron os membros de A.G.A. a TEIMA— pode haber homes de Comisiones Labregas, porque coincidimos na necesidade dunha autoorganización e no análise de Galicia como colonia». Engaden que con Comisiones Campesinas non teñen ningunha relación.

A asociación foi fundada por uns capataces agrícolas que axiña viron que os seus problemas profesionais só se arranxarían cando se solucionaran os problemas de tódolos labregos. O «programa mínimo labrego» que se ía discutir na Asamblea, que sería espallado por toda Galicia, ten dez puntos principais: precios xustos prós produtos do campo; rematar coas espropiacións forzosas prás industrias que non benefician ós nosos pobos; anulación do pago da cuota empresarial da Seguridade Agraria; devolución dos montes veciñais en man común; créditos e préstamos asequibles; seguros que cubran as perdas de calquera cultivo de espresión, reunión, asociación, folga e manifestación; recoñecimento xurídico-administrativo das parroquias galegas, con concellos democráticamente eleixidos, e creación dun sindicato dos labregos galegos.

C.E.E.: DUASCENTAS MILLAS

## BARCOS GALEGOS SIN PEIXE

A decisión da CEE fire gravemente os intereses da industria galega da pesca (sobor de todo da pesca de fresco, con base principal na Cruña), ffreos de gravidade. Nestes termos se espresaba Domingo Quiroga, especialista tamén en cuestións peixeiras, e declarábase abertamente pesimista diante da nova situación. A decisión da CEE afecta a toda a industria española do mar, pero moito máis a Galicia. O mar céltico, as áreas do Gran Sol e Cabo Rocal, ó ponente de Irlanda, son lugares xa tradicionais na nosa actividade peixeira, onde os nosos barcos veñen traballando de sempre. O ancheamento das augas xurisdiciónais dos países da CEE a duascenas millas, tal e coma fixeron xa noutros sitios, vai trocar esas zoas en coutos privados nos que non temos parte ningunha.

### NEGOCIAR O TRABALLO

Algúns barcos que tiñan como base das súas operacións o porto da Cruña deixárono xa pra ir traballar ó banco saharíano. Vigo, fundamentalmente, ten flota de longas distancias, os conxeadores que traballan nas augas de Boston, de Africa do Sur, etc. Pero tamén, hai pouco, botáronos de Angola. O problema é xeral.

«Non hai outra saída que non sexa negociar», di Víctor Moro, director xeral de Pesca. «Negociar cos países que van seren propietarios desas augas nas que nós traballamos dende sempre. Compre ter en conta que a pesca foi, deica agora, un tema máis ben secundario e marxinado das conversas comerciais que Esiaña tiña con outros países. A partir de agora a cuestión peixeira ten que ser xa unha das primeiras cousas a tratar nos paquetes de negociacións con terceiros». Víctor Moro amósase, de calquer xeito, optimista no intre de analizar as posibilidades que oferta o futuro.

«Non hai por qué chegar a solucións insostenibles porque España ten tamén os seus dereitos, concre-

O ancheamento das augas xurisdiciónais a duascenas millas por parte dos países da Comunidade Económica Europea (CEE), a proposta de Gran Bretaña, ven engadir un novo problema ás dificultades xa grandes do sector pesqueiro. Galicia e unha das potencias pesqueiras do mundo. «Vigo, co seu medrar vertixinoso —decía Valentín Paz Andrade, un dos nosos meirandes peritos nestes temas— é un produto do mar, da gran industria do mar cuia capital é a sardiña». A partires desta e outras fontes, V. F. Freixanes fixo o seguinte informe.

tamente: dereito de antigüedade nas zoas onde traballa. A maiores, agora que as estruturas políticas do Estado Español van pra adiante cara ás democracias europeas e que nos atopamos nas portas dunha negociación definitiva ca CEE, é un absurdo pensar que non imos resolver, negociando as cousas, esta situación».

### ACORDO PRA RETIRARSE

Os nosos barcos son barcos de lonxe, de grandes tempadas no mar. Nós non temos esa grande plataforma mariña pra traballar nela e a nosa flota pesqueira está feita a traballar noutras augas lonxanas. Dinamarca, Inglaterra e Irlanda teñen tamén importantes intereses pesqueiros, sobor de todo nas zoas do mar Céltico onde faenan agora os barcos galegos. Hai un informe da CEE sobor deste tema que propón, concretamente, repasar os acordos cos veciños e, xa no caso das pesquerías españolas (galegas, fundamentalmente) no Gran Sol e no Banco Rocal, escomenzar a prantexarlle a España «un acordo pra retirar pouco a pouco a súa flota destes sitios farturentos en peixe».

Alguén, dende a Administración Central, suxiriu a posibilidade de ir aos bancos saharíanos, no caso de que xa non sexa posible traballar



no mar Céltico. Axiña os industriais do mar, sin embargo, suliñaron o feito de que a mesma situación que agora está a piques de producirse no Gran Sol poderá darse mañán mesmo nos bancos do peixe da costa africana. O problema, nestes intre, está xa na negociación, en cómo negociar.

Domingo Quiroga, dende as páxinas da «Voz de Galicia» (27 do outono do 76), puña o dedo na ferida: «dende a fiestra da miña casa vexo polo menos dez barcos dos que traballan sempre no mar Céltico preparados pra deixar a Cruña como base das súas operacións e irense a traballar ao banco saharícano-canario e aos seus arredores».

«De certo —sigue o señor Quiroga— que esto non afecta á flota pesqueira española senón que, dentro dela, traslada de posición algúns peóns». Tócalle a Galicia o traslado, do Gran Sol de sempre a Africa. A flota española poderá non se sentir moi perxudicada, pero a galega sí, totalmente. Veleliquí as diferencias. E Galicia é, por outra banda, a grande potencia pesqueira de España. O perigo está en tentar unhas negociacións dende o Goberno de Madrid sen ter en conta este prantexamento, que a grande a practicamente única industria dun país (o noso país galego) pode sufrir un dos golpes máis fortes da súa historia, anque a nivel español as cousas queden axeitadas indo ao outro lado.

### SOLUCIONS DE FONDO

A partires dos anos sesenta, sobor de todo, a pesca de altura, os grandes barcos conxeladores, recibiron un forte pulo. Nembargantes o sector ven arrastrando unha fonda crise. Máis dunha vez se teñen pedido solucións de fondo, estruturais, pra o problema pesqueiro, que non se poden conquistar dende os despachos de Madrid. No seu día o nomeamento de Víctor Moro, coñecedor da cuestión pesqueira,

(Pasa á páxina seguinte)

XOGO E MULLERES

Algúns propietarios de salas de festas e discotecas denunciaron xa ás dúas sociedades que en Vigo impuxeron o xogo do «bingo» por «competencia ilícita e supostas irregularidades administrativas». Láianse de que lles levan os clientes, de que as salas están baleiras, cada día máis baleiras namentras a xente da «noite do sábado vigués» vai ó CASINO e máis ó LICEO MARITIMO DE BOUZAS a xoga-los cartos.

Estas son as dúas sociedades viguesas que dende hai certo tempo teñen nos seus salóns o xogo do «bingo», recentemente permitido. Algúns socios do CASINO vigués, sociedade de moita sona e tradicional «señorío», protestan pola presenza nas salas de xogo de rapazas chamadas «de alterne» e xente da «vida alegre» viguesa (tamén de fóra) que nada teñen que ver co verdadeiro espírito destes salóns sempre moi coidadosos de mirar a quén admiten e a quén lle pechan a porta por non ter *altura social* de abondo. Claro que do que se trata agora é dos cartos, e a cousa do «bingo» mete moito diñeiro, tódolas noites, na tesourería destas dúas sociedades viguesas.

UNHA DE EMPRESARIOS

Frente ós movementos e organizacións obreiras nós temos tamén dereito a nos organizar. Eisi se espresan os empresarios que escomenzaron a traballar nas primeiras organizacións sindicais pra defendellos seus intereses. ANTONIO RAMILO e FERNANDEZ AREAL, es-alcalde de Vigo, home agora de SILVA MUÑOZ, é un dos homes fortes (ou con futuro), nas patronais galegas.

A última da que temos noticia é a de empresarios de instalacións eléctricas, fontanería e ascensores da provincia de Pontevedra. Queren agrupalas tres ramas nunha ASOCIACION PATRONAL INDEPEN-

(Pasa á páxina seguinte)



(Ven da páxina anterior)

consideróuse un paso adiante. Pero non abonda. Os problemas son de fondo —din os homes do sector— e este das 200 millas que se prantexa agora é un máis entre outros, aunque grave e de solución pouco doada. Todo o problema pende, ao parecer, nunha gran medida, do ingreso de España no Mercado Común, asegúnan algúns especialistas. Se mirámola cousa dende a nosa perspectiva galega esa solución non abonda.

«Dende hai unha chea de tempo —decía a TEIMA un voceiro oficioso do sector— vimos decindo o mesmo. Compre ir, na cuestión pesqueira, a solucións en profundidade. Deso falóuse xa en Vigo, nas Xornadas de Marketing na Pesca que se celebraron hai uns meses. Reparto das grandes zoas pesqueiras asegúnan acordos internacionais que respeten, ademais, a antigüidade e dereitos dos países que veñen traballando nesas áreas. Unha socialización internacional do mar. Xa no caso español: axudas económicas ao sector, rebrandamento da comercialización de determinados produtos, reartellamento mesmo de algúns sistemas de produción, creación de organismos administrativos axeitados pra faceren fronte ás necesidades, mesmo podería ser necesario un ministerio da Pesca ou algo semellante con capacidade de dirección e execución, cousa que agora non temos».

Nestas coordenadas o problema que prantexa o anheamento das augas xurisdiccionais nas costas da CEE é grave pra a flota pesqueira española pero máis aínda pra a galega. Esta é unha das poucas industrias que temos no país. Arredor de 70.000 homes viven do mar en Galicia, e unha grande parte deles fan as longas xornadas do peixe no Gran Sol. Todo eso está nestes intreos gravemente ameazado e por «negociar», aunque a crise da industria coma sector veña de lonxe.

*Tanto na Delegación de Traballo coma nos organismos marítimos non sabían ren do asunto cando un grupo de mariñeiros da Cruña foi denuncia-lo desenrole sin indemnización de varios pesqueiros que marcharan prás Canarias.*

## A CORUÑA MARIÑEIRO EN TERRA

segundo o artigo 41 da ordenanza laboral os armadores non sóo teñen que comunicalo cambio de base senón que necesitan autorización escrita. Un dos empresarios do mar que tomou unilateralmente a medida foi o Presidente do Sindicato da Pesca, Salvador Neyra. Ben é verdade que cando se pregunta ó mariñeiro polo sindicato vertical responden que «eso xa non existe».

«O peirao é a fábrica máis importante da Cruña e ninguén parece decatarse», decía a TEIMA un especialista en temas marítimos. E é unha industria que escomenza a naufragar. A ampliación das duasetas millas polos países da C.E.E. sóo é a causa inmediata da «fuxida» do «Itxaso», «Chirimollas», «Abrente», «Eva Mary» e outros que poden



## AS CONSECUENCIAS

Vai pra dous anos, dende a Conferencia do Mar en Caracas, que vimos escoitando laios de importantes persoeiros da pesca, respeito das terribles consecuencias que iba carrexar o aumento ás 200 millas de augas pesqueiras.

Mais pra nós, estas consecuencias non as padecen todos por igual, porque a pesares de incidir principalmente (na teoría) na flota de altura, é dicir, no gan capital pesqueiro, son os mariñeiros, os mariscadores e a flota de baixura en xeral, quen sofre e sufrirá o maior peso desas consecuencias, e compre dar algunhas aclaracións ao respecto:

—O pulo dado á flota de altura —pesca industrial, relacións de produción capitalistas— non foi correlativo dun desenrolo axeitado do aparello produtivo xa existente na nosa flota de baixura, senón o reflexo do aital proceso de crecemento económico capitalista do Estado español, necesitado de alimentos baratos, conseguidos ademais con altos beneficios.

—A Lei de «Renovación y Protección de la Flota Pesquera», de 1961, resposta a esa necesidade, fomentando a construción de embarcacións pesqueiras de máis de 100 TRB e de gran radio de acción, é dicir, pra pescar fundamentalmente fora das nosas augas costeiras.

### CONSECUENCIA I:

Adicar os cartos a esas embarcacións con ese criterio, supuxo o abandono da ordeación dos nosos recursos costeiros e da renovación da nosa flota de baixura que poidera explotar eses recursos.

—A ampliación das augas pesqueiras a 200 millas supón o paro, o baixo rendimento ou o cambio de base daqueles grandes barcos de altura.

### CONSECUENCIA II:

Os mariñeiros que tiveron de abandonar a baixura, atrasada e sen rendimento, pra ganar o pan nesos barcos de altura, serán agora despedidos ou terán de cambiar de residencia coas súas familias, ou emigrarán.

### CONSECUENCIA III:

A Administración de Madrid gastará máis cartos pra paliar o paro e a recesión económica que aquilo supón, abandonando outra vez a ordeación dos nosos recursos costeiros e a nosa flota de baixura e mariscadora.

E nós preguntamos: ¿Non é hora xa de que o pobo galego teña un órgano propio de política económica que dea solucións galegas aos problemas galegos no interés dos traballadores galegos, dempois de consultalos e discutir con eles as posibles alternativas? Iso chámase un Goberno Galego cun programa socialista.

Equipo TRASMALLO

A flota pesqueira, ademais de non competir coas grandes factorías rusas polacas, alemás ou yankees, ten que saír non sóo do Gran Sole senón tamén de Terranova, Angola, etc. Namentras outros países moveron axiña pra chegar a convenios mistos de explotación, aquí a administración central andivo a velas vir.

Pese á dispersión, á atomización, á imposibilidade de alcontrarse xuntos pra poder facer unha ampla asamblea onde trata-los seus problemas, á súa dependencia da Mariña de Guerra, os homes do mar escomenzan a organizarse. Saíron á superficie xermolos de sindicatos, coma o Sindicato Galego de Traballadores do Mar, as Comisiós Mariñeiras, a UXT, e o Sindicato Libre da Mariña Mercante.

Mesmo esta denuncia non sería posible sin unha toma de conciencia nos traballadores do mar. A cousa non é pra menos. Riveira, A Cruña, Marín, Vigo, incluso Trincherpe —ese barrio mariñeiro galego en Pasajes—, veñen a sofrer as consecuencias dunha crise que teña que chegar. Os afectados agora poden ser arredor de duasetas familias, pero do porto pesqueiro da Cruña viven, directa ou indirectamente, corenta mil persoas...

Polo  
baixiño

DENTE, aunque mantendo cada unha delas certa autonomía. Andan xa cos estatutos feitos.

### OS DOCUMENTOS DO FILMADOR

Varias veces lle pediron as forzas de orden público a documentación —e outras tantas a mostrou— a Manolo Villaverde, cámara do centro de televisión de Santiago. O feito ocorreu o pasado día 12 cando tomaba imaxes dunha reducida e máis que rápida manifestación na zona vella de Santiago. Prohibir non lle prohibiron nada, pro Manolo viuse obrigado a deixar de filmar «as cousas que pasan na rúa», diante da insistencia documental das F.O.P. Uns minutos antes o cámara fora empuxado por un rapaz novo e corpulento que, segundo se aclarou despóis non pertencía a ningún grupo político coñecido. Cousas do oficio, sin dúbida. E eso que se trataba dunha manifestación de pequenas proporcións.

### UN PROCESO MAIS

Vañ moi adiantados os trámites pró procesamento do xornalista coruñés Luis Pita, coñecido pola súa sección «La calle habla» que firma no «Ideal Gallego». O motivo é un artigo titulado «Clases de formación política para los gobernadores civiles» no que Pita comentaba a imposición dunha multa a un militante do P.S.P. coma suposto promotor dunha manifestación da U.P.G. e tamén unha carta do gobernador civil da Coruña ós veciños das Encrobas na que decía que a súa manifestación foi disolta, entre outras cousas, porque apareceron bandeiras galegas ca estrela roxa «símbolo del Partido Comunista». Inda que non haxa porque establecer necesariamente relacións directas co procesamento, o certo é que tanto a información municipal —un concellal chamóuno fai uns meses á casa i enchéuno de

(Pasa á páxina seguinte)

«Ahí nos ven unha celulosa», comenta con certo temor mal disimulado Xulio Xiz, o home de TEIMA en Lugo, a súa primeira crónica pra esta revista. Sin tomar partido el mismo, Xiz ofrece ó lector unha chea de datos pra que éste opine pola súa conta sobor do tema. A integración «forzosa» do alcalde focense no «staff» de «Celulosas del Cantábrico» e as posibilidades turístico - residenciais dos terreos onde se instalará a factoría poden servir como ponto de orientación pra polémica que xa se dá e pra que se avenciña.

¿Co alcalde como vicepresidente?

## CELULOSA SEGURA PRA FOZ

Ahí ven unha Celulosa. Ven pra Lugo, pra Foz.

Coroarase así un intento de industrialización da costa lucense. Trálas industrias de Cervo, a central nuclear de Xove, unha celulosa pra Foz... Como Lugo sigue sendo unha das últimas, se non a derradeira, das provincias españolas, todo é bon. Alúmina - Aluminio e tódalas demáis industrias do sector, central nuclear de Xove e Celulosa de Foz: Un trío de ases que vai supoñer o trunfo da industrialización da provincia de Lugo. Os veciños da zona esperan que non sexa a costa de algo tan valioso, ou máis coma a industrialización: a sanidade, a limpeza do ambiente, o home da nosa Costa...

FOZ, TURISMO, INDUSTRIA

Foz é a capital turística dunha ampla zona do norte da provincia. Fai uns días, «XUCO», un mariñeiro focense, na presentación da Celulosa, berraba que o turismo lle deu a Foz, este ano, cincuenta millóns de pesetas, namentres que a pesca sóio trinta; e o ano pasado, vintedós. Non son cifras —cicáis— contrastadas, pro a xente focense está convencida de que se falla o turismo, fállalle o puntal máis importante da súa economía.

A CELULOSA

A Celulosa irá pra Fazouro. Alí ten terreos que Xulio Xiz, de TEIMA, patéu hai pouco, e que serían bó marco pra unha urbanización turística.

Os terreos foron mercados hai uns dez anos pra montar «Tablicia». Persoas ligadas ó axuntamento influíron na adquisición contando con que a empresa faría moito ben a Foz. Pro «Tablicia» non veu. Cóidase que foron catro millóns o coste inicial. En 1974, un industrial lugués, DON JOSE RODRIGUEZ LOPEZ —empresario de GRANJA ARGERIZ e outras industrias— mercou estas terras en corenta millóns. Na actualidade, non é botarse fóra do vaso decir que estas terras valen arredor de cinco centos millóns de pesetas. Moito debe rentar unha celulosa cando non se quere explotar turisticamente a cousa, urbanizando os 420.000 metros cuadrados situados perto do mar. Serían marco incomparable pra blocos de pisos coma os de Promonosa - Foz ou pra

chalets unifamiliares. E pra chalets de luxo na zona da fronda da beira do río Ouro.

ALCALDE DIRECTIVO

E moi estraña a maneira como a empresa papeleira comenza: integrando na mesma, dende os seus albores, o alcalde de Foz, Francisco Martínez García, que pasaba así a ser xuez e parte na cuestión. Por certo que hai uns días o alcalde deixo a XIZ que o meteran a él sin sabelo, e que dimitira do cargo de Vicepresidente de «Celulosas del Cantábrico, S.A.». O caso é que foi, pola empresa ou por quen fora, un paso mal dado. Tívoise todo en silencio deica hai poucos días en que se fixo a presentación en público, presentación sumamente desafortunada polo enfoque da mesma.

Máis de un pregúntase en Foz de qué vale a presentación de «Celulosas» pra saber se o pobo quere ou non a empresa, cando a empresa xa fixo obras



BARCOS NO PORTO DE FOZ Peixe, turismo... e celulosa

# GALICIA INFORMACION

de ampliación da canle de conducción de auga pra futura planta sin permiso oficial siquera...

O es-gobernador civil, señor Trillo y López Mancisidor, que estivo na presentación, dixo que se a Celulosa iba contaminar, él era o primeiro que se oporía a unha instalación de Celulosa. Coida que unha celulosa non ten por qué contaminar se está ben instalada, e se os instrumentos anticontaminantes funcionan correctamente.

O profesor Bermejo, da Universidade de Santiago, non opina o mesmo e no acto da presentación deixou ben clara a súa opinión sobor da cuestión.

UNHA FABRICA INEVITABLE

Por riba de todo, parece que haberá Celulosa en Foz... diga o que diga o pobo. Porque quen vai a te-la máis decidida palabra serán os propietarios de montes da zona, os que se verán beneficiados pola merca de madeira... De pouco valerán os berros de «NON» duns mariñeiros e amas de casa ou de asociacións culturais da comarca. Foz vai ter Celulosa. Sabido é que a vontade move montañas... E a eso hai que engadirle que é unha vontade arroupada con moitos cartos, influencias, amistades... ante unha oposición mediatizada, que debe favores, que depende economicamente, que sóio hai que saber levala pra que berre ou aplauda...

Polo baixiño

alcumes — coma laboral — por exemplo, na folga da construción — non é do agrado da oligarquía local.

MARCELINO LOBATO, CONTRA O «G»

«Estóu no Partido Socialista Popular e nada máis. Non estóu integrado en ningunha agrupación. Si tivera que fixar a miña militancia faríao en León». Quen así fala e Marcelino Lobato, fundador do P.S.P., quen confirmou a TEIMA a súa oposición ao novo nome do Partido en Galicia, é decir P.S.P. coma suposto promotor xo — dunha posición antigaleguista, penso que fan falla grandes partidos a nivel de Estado».

COMISARIA POLITICO-INTELLECTUAL

Políticos da oposición e intelectuais pasan pola comisaría. Perdémola conta, pro nos últimos dous meses non hai máis que chamadas a «declarar» por parte da *brigada político-social*. Cada vez que xurde algunha cousa fora dos canles legais a xente pasa pola comisaría. Non hai moito que se presentou en Vigo a chamada ALTERNATIVA DEMOCRATICA PRA UNHA CULTURA GALEGA. O pouco tempo dous dos seus presentadores —Xosé Castedo e Víctor Freixanes— foron chamados a declarar. Hai unhas semanas chamaron tamén ó escritor e catedrático de instituto Xosé Luis Méndez Ferrín por un artigo publicado no xornal «El Ideal Gallego» da Coruña. Pasou tamén nos últimos días, xente de A TABOIA DEMOCRATICA DE GALICIA. Mais recentemente foi chamado o profesor Xesús Alonso Montero, presentador dunha conferencia de Neira Vilas, na que tamén falou uns instantes un traballador.


Na meirande parte dos casos, os funcionarios ou inspectores que toman declaración advirten abertamente que «é somentes pra estar informados. Nada máis».



# CAJA RURAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

al abrirnos una cuenta, usted colabora en el  
desarrollo agrícola y ganadero de la  
provincia de Pontevedra

Autorizado B. de E. 23-6-76



OFICINA CENTRAL:

Plaza Calvo Sotelo, 3  
Teléfono 85 73 50


## CAJA RURAL

*camino a un futuro mejor*

# Una industria gallega a nivel europeo



Fabricación de módulos tridimensionales de hormigón ligero, en elementos totalmente terminados, de hasta 37 m<sup>2</sup> para viviendas de una a tres alturas.



## vicoinsa

**Viviendas y Construcciones Industrializadas, S.A.**

c/ Peregrina, 41 Teléf. 85 36 62 PONTEVEDRA  
Fábrica en: La Picaraña-Padrón LA CORUÑA



SOL...  
NEVE...  
DEPORTE...


Cabeza de  
Manzaneda

¡VIVIR!



A estación  
de  
montaña  
da Galiza

**CABEZA DE  
MANZANEDA**  
¡Pra todos os galegos!



cerveza

San  
Martín

Benito Sáez e González - Elípe non levaba inda cinco meses no Goberno Civil de Pontevedra, e disque o dimitiron por liberal. Máis concretamente: por certas diferencias de criterio co mesmo ministro da Gobernación, Martín Villa. O motivo: cicáis a manifestación que se celebró en Vigo pra protestar pola pena de morte o pasado día 30 de setembro. Foi a primeira manifestación autorizada que se celebró na España do 18 de xullo contra a pena de morte.

¿Un liberal dimitido?

## Pontevedra: Gobernadores veñen e van

O gobernador da provincia, que viña de Alicante con sonda de home duro e pasado falanxista, permitiu a manifestación logo de cambearlle a data. Fora solicitada pró día 27, aniversario dos derradeiros fusilamentos do franquismo, e o señor Sáez pasóuna pró día 30. Tiña que rematar no cemiterio de Pereiró, onde está enterrado *Xosé Humberto Baena Alonso*, fusilado no amencer do día 27 de setembro de 1975, en Hoyo de Manzanares, pro cambéouse tamén o recorrido. Todo isto provocó no seu día unha nota da *Asamblea Nacional Popular Galega* (AN-PG) na que se autoescluíu da manifestación por considerala manexada pola autoridade provincial.

A manifestación, sin embargo, (unhas 15 mil personas, deron os periódicos) bordóu tódolos canles legáis eróuse pola liberdade do pobo galego, en contra dos fusilamentos, en contra do terrorismo fascis-

ta, pola dísolución dos corpos represivos, pola liberdade do pobo vasco... O abogado *Randulfe*, enriba dun Citroën - dous - cabalos, falou de que tódolos días, nos tempos que corren, son un pouco «27 de setembro». E as forzas de orden público, presentes en grandes cantidades, non interviñeron pra nada. Non houbo problema ningún.

### UNHA TACTICA DE GOBERNO

Esta foi sempre a táctica do gobernador: deixar normalmente as manifestacións, anque cambéandolle o recorrido solicitado, os textos das pancartas, etc., o que moitas veces (coma no caso dos manifestantes da Travesía de Vigo, que protestaban pola cantidade de mortos en accidente de tráfico que alí se veñen producindo) supuxo capalas da súa significación e convocatoria, ó sacalas do seu contexto. Por outra banda, o señor Sáez, no pouco tempo que

estivo no goberno civil da provincia, legalizó a meirande parte das asociacións de veciños, que agardaban luz verde dende había unha chea de tempo nos corredores da Administración. Houbo facetas negativas: cargas da policía na Travesía de Vigo, a mesma táctica coas manifestacións, mesmo a forte censura previa ás emisoras de radio, xa nos derradeiros tempos, anque esta era unha orden de Madrid... Pero en xeral, no pouco tempo que estivo, acadóu certa sonda de liberal (dentro do que hai) que non concordaba moito coas noticias que se tiñan de atrás.

No Ministerio da Gobernación, en Madrid, consideraron, nembargantes, que o liberalismo ben podía ser febleza e que os tempos non estaban pra deixar tan ceibe o adival do carro. Asegún poidemos saber houbo mesmo palabras duras entre o ministro e o gobernador arredor, precisamente, da manifestación do día 30. Dende Madrid, concretamente, e quizaves avisados por certos sectores da dereita provincial, pedían explicacións de por qué non se tomaron medidas (sancións, multas), contra dos organizadores da manifestación antedita, pois non se axustaron ás regras do xogo (os berros, consignas e verbas permitidas). Parez que o gobernador non quixo tomar esas decisións, o que lle costóu o cargo.

Corenta e un alcaldes dirixiron telegramas ó Ministerio da Gobernación protestando pola dimisión do señor Sáez. Os concelleiros da «oposición branca» de Vigo pediron tamén que a corporación e máilo alcalde se pronunciaran neste sentido. De feito, o exgobernador de Pontevedra marcha prá súa casa de Valencia, sen cargo ningún.

# GALICIA INFOR- MACION

### PREOCUPANTE SUSTITUTO

¿Quén ven detrás? *Gervasio Martínez Villaseñor*, que foi xa delegado de Sindicatos en Vigo. Parez que hai certa amizade, mesmo personal, con *Ignacio García López*, de cando os tempos do SEU, e co propio Martín Villa. Pero nada máis. En Vigo, no seu tempo, pasóu máis ben sin grandes problemas, sin que a xente poidera facerse unha idea, sin complicar demasiado as cousas. «Apaixóame contribuir ó proceso democratizador», dixo en Pontevedra, cando a toma de posesión. Hai quen lle escoitou ó saínte, ó señor Sáez, lairse dos «asuntos de goberno», dos asuntos da política onde, metido xa no sistema, ún non é dono nin das súas propias decisións, nin das súas propias iniciativas.


O seu sustituto parez selo, nembargantes. O primeiro día de mandato o novo gobernador coincidiu cunha carga da Guardia Civil contra os veciños de Salcedo que se opoñían ó paso da Autopista do Atlántico polas súas terras sin o pago previo das indemnizacións que eles estimaban xustas. O parecer, quen mandaba a forza dixo ós veciños que tiña órdenes directas do gobernador. Feitos posteriores —a suspensión dos coloquios de Poio, a das conferencias pola liberación da muller— non fixeron senón aumentar-la preocupación da oposición democrática pontevedresa. «Por agora —confesaba con sorna triste a TEIMA un dos seus membros— inda non prohibiu os bautizos...».



O POBO DE VIGO CONTRA DA PENA DE MORTE. ESTA POIDO SE-LA CAUSA

(Foto MAGARI)

**CALIXTO**



**RESTAURANTE**

**Mariscos • Platos típicos  
• Especialidades**

**Benito Corbal, 14**

**PONTEVEDRA**

Foi unha xornada moi condicionada polo tempo político decisivo que estamos a vivir. As fontes aficiáis sumaban 23.530 obreiros que seguiron a folga o día 12 en Galicia. A «Coordinadora de Organizacións Sindicais» afirma que participaron directamente no paro máis de 50.000 obreiros e indirectamente unhas cen mil persoas. Dous días despóis, a pesares de estar prohibida a manifestación pola autoridade gubernativa e da dureza da actuación policial, uns tres mil nacionalistas galegos pedían amnistía total e liberdade prós patriotas galegos que permanecen na cadea da Coruña.

## UNHA XORNADA PRA VELAS VIR



Foi nos dous principais núcleos obreiros de Galicia, Vigo e Ferrol - As Pontes, onde a convocatoria tivo millor acollida. De tódolos xeitos, en cidades nas que tradicionalmente as chamadas á folga tiñan coma resposta a indiferencia, nesta volta houbo certa repercusión anque só fora a nivel de comentarios públicos. O Goberno, coma ten por costume nestes casos, fala de fracaso. Os da «C.O.S.» de Galicia din que non é ningún fracaso conquistar que pararan grandes factorías coma «Astano», «Bazán» e «Citroen». O certo é que uns e outros tiñan a ollada posta nos vitorios da política.

A organización e unha resposta coordinada de parte da patronal é unha das principais características a suliñar en Vigo, según nos informa dende esta cidade Víctor Freixanes. A apertura dun expediente pra ve-lo grado de responsabilidade dos dirixentes nos paros, o despedido masivo na «Metalúrgica», o despedido de Guillermo Fontán, membro de U.S.O., poden indicar por onde tira esta resposta colectiva ó marxen xa do sindicato vertical. Os empresarios veñen celebrando xuntanzas dende fai dous meses. Namentres un sector pedía tranquilidade se o paro saía adiante, outros propuxeron medidas de represalia.

### AMNISTIA E LIBERTADE

Os conflitos da «Metalúrgica», «Barreras» e «Mar» foron o primeiro pulo prás mobilizacións. A sorpresa foi «Citroen» que tradicionalmente mantíñase ó marxe das convocatorias. A radio viquesa tiña orden de non falar dos conflitos colectivos nos días pre-folga.

«Amnistía» e «Liberdade» foron os berros máis repetidos nos intentos de manifestación polas rúas. A policía impedía toda concentración e patrullaba

pola cidade ó longo de todo o día. Oficialmente falóuse de tres detidos, máis, segundo as nosas noticias, foron unha ducia.

No ensino oficial houbo paros parciais e parece que a non participación da Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG) repercutiu na incidencia do paro. O interese das autoridades pra que a xornada non trascendera na rúa fixo que os transportes públicos estiveran fortemente vixilados pola Policía Armada e Guardia Civil.

No Ferrol, os obreiros das dúas grandes industrias, «Astano» e «Bazán», seguiron a convocatoria e celebraron asambleas nas que discutiron as medidas económicas do Goberno Suárez así coma o futuro sindical. Ademais das «grandes», houbo paros parciais en varias empresas medianas. Nas Pontes pararon máis de mil douscentos traballadores das compañías ausiliares que tamén celebraron asambleas de contido abertamente sindical.

Varios centos de persoas manifestáronse pedindo liberdade sindical e amnistía laboral pola rúa General Franco e foron disoltos á altura da rúa José Antonio.

### PINTADA NA COMISARIA

Numerosas octavillas e pintadas daban a nota estética da xornada. No mesmo edificio da Comisaría de Policía apareceu escrita a frase «Disolución das forzas represivas». Houbo máis de vinte detidos, algúns deles xa o foron denantes do venres e outros namentres espallaban propaganda; entre eles dous estudantes de bacharelato, un dos cales é irmán do coñecido líder sindical Rafael Pillado. Oito traballadores dunha contrata da Telefónica en Narón foron detidos pola Guardia Civil, ó parecer por non abandonar-lo centro de traballo a requerimento do xefe de teléfonos.

En Ourense, según información re-

collida polo corresponsal de TEIMA, Xosé Platero, a mesma Delegación de Educación e Ciencia recomendou ós directores dalgúns centros que non tiveran clase ese día. Medida que, nunha curiosa situación, rexeitaron os profesores do Instituto Masculino nunha xuntanza do claustro. Nembargantes foi día non lectivo.

A nivel obreiro, no Polígono Industrial de San Cibrán houbo pequenos intentos de paro en dúas fábricas que non chegaron a ser seguidos polo resto do persoal.

O feito máis importante da xornada foi a manifestación que non chegou a ser no parque de San Lázaro: a presenza da Policía impediu todo intento serio de concentración. Houbo algunhas carreiras pero nada máis...

### OCTAVILLAS PRA POLICIA

Dúas rapazas que repartían octavillas de Comisións Obreiras (CC.OO.) foron detidas por un membro do Servizo de Información da Guardia Civil ó que lle entregaron un dos papeliños convocando á manifestación en San Lázaro.

«Hoxendia non se pode pretender mobilizar toda a poboación laboral e foi esta a máis grande mobilización conseguida hastra gora nos últimos corenta anos», declararon a Guillermo Campos membros da C.O.S. en Pontevedra. «Que se mobilizaran 57.000 traballadores en Galicia —dixéronlle tamén ó corresponsal de TEIMA— non se pode chamar un fracaso. Hai que engadir, ademais, que outras 50.000 persoas manifestaron dalgunha forma o seu rexeitamento das medidas económicas do Goberno non acudindo a face-la compra, pechando o seu pequeno negocio, etc.»

Na cidade de Pontevedra rexistróuse o paro dos 170 traballadores de «Metalúrgica Rías Baixas» e 17 «Metal Celta» que, dito sexa de paso, fai unha contra-

# GALICIA INFORMACION

ta pra celulosas. Na construción houbo pequenos paros sin xeralizarse.

O conato de asamblea na residencia do SOE, coa presenza de tres membros de CC.OO. alleos ó centro, foi o único feito destacable da xornada en Lugo, según informa Xulio Xiz. Coma sinala o noso corresponsal, Lugo non é cidade industrial, senón de pequenos negocios, de pequenas fábricas, nas que non hai, por agora, conflitos. Foron os estudantes os que protagonizaron a xornada. Plaza de España, Cruz, Ruanova, «a ruta do viño», estiveron máis concurridas ca de costume.

### EN SANTIAGO, OS ESTUDIANTES

Os estudantes foron tamén os protagonistas en Santiago. Paros en facultades e institutos e unha manifestación que foi disolta pola Policía. No medio obreiro, nada. Cecais influíu o remate recente da folga da construción.

Na Coruña-cidade tampouco a xornada tivo incidencia no mundo do traballo. Algunhas asambleas e a participación, xunto con estudantes, nunha concentración na zona de Riazor polo serán son os dous únicos feitos a destacar. Catro membros das CC.OO. foron detidos cando espallaban propaganda polo Olmos o xoves, día 11.

Participaron activamente nesta xornada as organizacións integradas na C.O.S., é decir, CC.OO., U.S.O. e U.G.T. ó parecer, os partidos políticos máis ou menos relacionados con estes xermes de sindicatos agardaban un balance menor da xornada. Díxose que a C.N.T. non apoiaba a loita, mais o certo é que esta central asegurou nun comunicado á prensa a súa participación. Algúns dos detidos na Coruña nos días pre-folga, son, ó parecer, cenetistas.

### DOMINGO POLA AMNISTIA

Varias persoas vencelladas á Asamble Nacional Popular Galega (ANPG) firmaban unha solicitude na que pedían permiso pra manifestarse pola amnistía total o domingo 14 na Rosaleda de Santiago. O Goberno Civil, coma ven tendo por costume, prohibiuna. Pra confirmar o dito, numerosas forzas policiaes vixilaban esa mañán a zona prevista pra concentración.

Vista a situación, as persoas que acudiron á convocatoria decidiron cambiar de escenario e facer a manifestación na Alameda á unha e media. Minutos antes, na mesma zona, manifestáronse unhas trescentas persoas vencelladas ó Movemento Comunista de Galicia, despóis de erguer unha pancarta, polo que axiña acudiu a Policía que impediu con disparos de balas de goma o desenrolo da outra manifestación.

Por fin, ás dúas, máis de mil persoas saíron en manifestación dende a Plaza de Cervantes, con pancartas en bandeiras da ANPG, SOG, MCG, LCR. Había tamén unha bandeira catalana. As cargas da Policía, que detivo a unha ducia de persoas, deron remate ós berros que esixían amnistía total, liberdade e unha Galicia de séu. Houbo varios feridos.



Lúns, quince de novembro de 1976, sete e media do serán nalgún lugar de Santiago: «Dende este intre considerámonos desvencellados do Consello namentras os demais partidos non se pronuncien a favor da expulsión do Movemento Comunista de Galicia (MCG) do mesmo», foron as palabras —de acordo coa información que recollía TEIMA horas despóis— que saíron dos beizos do representante da Unión do Pobo Galego (UPG). Tratábase dunha frase que, á hora do peche destas páxinas, poñía en cuestión ou replantexaba a existencia mesma do Consello tal e coma viñera funcionando deica aqueles intres. Xunto ó MCG e máila UPG, atopábanse alí os representantes do Partido Socialista Galego (PSG), do Partido Carlista Galego (PCaG) e máis do Partido Galego Socialdemócrata (PGSD), que suscribía o ultimátum da UPG.

CONSELLO DE FORZAS POLITICAS

# A ESCISION

«O Consello das Forzas Políticas Galegas —poido saber TEIMA denantes da decisión que encabeza esta crónica— pasa por dificultades anómalas que esixen unha reformulación máis ampla das bases de alianza e dos problemas ós que, xa, debe facer fronte de inmediato. Xa que logo, comecemos as conversas necesarias pra intercambiármolos os nosos respectivos análises e valoracións.» Quedaba claro que, coma viña a deci-lo PSG, «somentes deste xeito quedará de manifesto se as nosas discrepancias son meramente tácticas ou máis fondas. E, só deste xeito, poderémolas superar, poisque o PSG está persuadido de que o que nos avincalla é sólido dabondo —e dabondo radical, engadían os socialistas— pra que a alianza supere os trancos do presente e renaza fortalecida.»

Postas as cousas deste xeito, de acordo tódolos membros do CFFPG, o asunto concretábase coma o MCG e máilo PGSD declan a esta revista: «Compre unha verdadeira reestruturación ós tres nivéis: de partidos (Consello), de asemblea e a nivel sindical.» «Pero hai que ter en conta —engadía o PGSD— que o problema baséase na dicotomía nacionalismo-españolismo e non no enfrentamento esquerda-dereita. Se as conversas e negociacións vánse plantexar dende perspectivas de esquerda-dereita, non nos interesan estas conversas. Nun futuro sí, cecáís... Polo de agora, non.» Estábase, pois, a clarexar o feito de que o Consello chegou, e pouco máis, a materializarse estrictamente no chán político: Co paso do tempo, dende a súa constitución, chegarían tamén as discrepancias nesta banda das alianzas.

«Hoxe, no papel e na práctica —dixeron fontes inmediatas ó MCG— hai xa varias maneiras de entender que significa levar á práctica a liberación nacional de Galicia e cómo conquistar que un obxectivo programático sexa un obxectivo de masas. «Tratábase, logo, de

atopar unha alianza axeitada no seo do consello e que se correspondera cun grado de coincidencia real entre as súas forzas integrantes: «Os puntos programáticos do CFFPG non son dabondo pra os momentos actuais», foi a conclusión de distintas fontes consultadas por TEIMA. O fronte dispoñíase ás reformulacións.

Deica eiquí, as cousas denantes do ultimátum.

## O CONSELLO A DEFENSIVA

A situación era outra, daquelas, a nivel do Estado español. O PSG, ó analiza-la avanzada das forzas da Táboa Democrática de Galicia, viña a decir: «Deica hai poucos meses, os nacionalistas tivémos a iniciativa política no país. Aínda que, nalgúns aspectos, a correlación de forzas en termos cuantitativos non nos era favarable, en termos cualitativos poidemos corroborar e demostrar que a forza ideolóxica e máila iniciativa política estaban danosa banda. Cando nacéu o CFFPG ningún observador político daba unha cadela polo seu éxito. Pocos meses máis tarde, as organizacións sucursalistas operantes en Galicia estaban totalmente á defensiva, as súas posicións estratéxicas perderan boa parte do seu creto e os seus movementos tácticos eran cambiantes.» A realidade, agora, era ben distinta.

Despóis das xuntanzas dos organismos unitarios da oposición democrática no Estado español, entre deles a Táboa sin a presenza do fronte nacionalista galego (primeiro Madrid, logo Valencia e máis tarde Canarias), o cambio: de feito —chegóuse a decir despóis de Canarias— hoxe por hoxe a Táboa está a desempeñala representación de Galicia diante de miles de homes do Estado. Claro que a presenza da Táboa —dixeron a esta revista fontes nacionalistas— é, pola outra banda, certa-

mente claudicadora. «Hoxe por hoxe —foi outra das afirmacións— é o día no cal trascenderon xa ó público unha serie de diferencias no Consello: hai crise no fronte nacionalista e hai que valorala». As mesmas fontes declan logo a un redactor de TEIMA: «Despóis da non asistencia do Consello a Madrid e a Valencia, a convocatoria das Palmas nin se plantexou e, claro, é moi difícil que saíra outra cousa do que saíu sin estar nelas. Agora xa é un feito irreversible e non se pode dar marcha atrás».

O Consello, pois, á defensiva namentres a Táboa, logo de chegar da súa reunión nas Palmas de Gran Canaria, daba a coñecer á opinión pública galega unha serie de plans concretos referidos á nova conxuntura ó nivel do Estado: entre doutras cousas, poñíase a facer corenta mil cartéis co lema «un referéndum sin libertade é un referéndum franquista» xunto coa reivindicación, unha vez máis, do Estatuto de Autonomía plebiscitado no 36 e reafirmando a súa intención de participar xa en negociacións directas encol da lei electoral do Goberno Suárez. As urxencias da Táboa, deste xeito, modulaban as expectativas inmediatas das forzas do Consello e agudizaban a crise: «Agora os tempos cambiaron —dixeron a TEIMA voceiros da UPG— e iniciamos unha nova fase na que, de acordo co PGSD, queremos levar adiante xa unha alternativa patriótica xunto cunha resposta inmediata ó referéndum de Suárez e clarexalas posicións fronte ás eleccións. Deica agora —engadiron— o MCG inmovilizóunos e xa non queremos seguir coas discusións». A situación do MCG no seo das Comisións Obreiras —CCOO— situábase a golpes no miolo mesmo da crítica situación do

Consello. A UPG aseguraba: «Xa é moi sospeitoso o escesivo celo do MCG na xornada de loita do pasado día 12, unha xornada programada polas CCOO e, fundamentalmente, polo Partido Comunista Galego (PCG).»

Aquelas declaracións dábanlle a volta á situación. Deica entón aquela —nos últimos dez días— o Consello tentara de se xuntar o nove de novembro: a solución foi un aplazamento pró xoves seguinte, once, día en que non asistiron os carlistas e máilos socialdemócratas, aínda que estes sucubiron

as tesis da UPG. Chegou unha nova convocatoria: 15 de novembro, luns, ás sete e media do serán. O parto era difícil e os contactos miudos: a resposta UPG, coa solidariedade do PGSD, iba caer como un mazazo; non á integración do MCG no seo das CCOO. «Se non, adéus Consello, adéus.»

## FRENTE NACIONALISTA, RACHA

«O MCG non está disposto a abandonar as CCOO —aseguraron voceiros uegallos— e nós, a UPG e máilo PGSD, coidamos que isto é un erro moi grave tendo en conta que as CCOO lle dan o seu peso específico á Taboa. A extrema esquerda, por outra banda, está amordazada pola súa cativa implantación no devandito organismo sindical.» Xa que logo, o ultimátum estaba botado e, de rachalo Consello —á hora de pechar estas páxinas, declamos, é o máis probable—, a súa conformación poderíase trocar noutra namentres fóra del atopáranse as alternativas do PGSD e da UPG. Según poido saber TEIMA, estas alternativas poderíanse basear nas seguintes declaracións: «Nós xa non queremos discutilas reformulacións do Consello coa presenza do MCG porque non é un partido nacionalista. Trataremos, entón, de que a Asemblea Nacional Popular Galega asuma as alternativas do Consello xunto coas súas bases constituionais e máilo seu programa económico. Todo elo, claro, sin que a ANPG perda o seu carácter actual.»

A grave crise caera xa enriba do fronte político nacionalista e o Consello, daquelas, prácticamente fendera. Posta en cuestión a existencia no seo do MCG pola UPG e máilo PGSD, os carlistas un tanto indecisos, as derradeiras decisións atopábanse nas mans dos socialistas. Posta en contacto coa secretaría xeral de PSG, TEIMA recolléu o seguinte: «O noso partido ten que estudiala proposta de exclusión do MCG. Hoxe por hoxe, a posición do PSG é que se continúen as discusións das discrepancias internas do Consello denantes de tomar decisións encol dos actuais membros do mesmo».

Nembargantes, á espera dos acordos definitivos dos socialistas, as reformulacións no seo do Consello quedaban en segundo termo.

# FARRAMENTAS E PALABRAS

VICTOR F. FREIXANES

Dúas notas anuncian o xeito dos novos tempos logo da desfeita do franquismo. O observador político ten, enriba da mesa, dúas alusións, dúas primeiras pistas. Unha é a xuntanza de empresarios que hai unhas semanas pedían en Santiago de Compostela o dereito á folga, ó despido libre e, se chega o caso, mesmo ó lock-out. A primeira é unha conquista indiscutible da clase traballadora logo dunha loita de anos. As outras dúas son a resposta a esa conquista por parte dos patróns. Os dous frentes amósanse cada día máis abertamente: organizacións obreiras por unha banda e patronais por outra. No medio das dúas, o sindicato oficial que se afunde e non sirve nin a uns nin ós outros.

O outro sinal dos novos tempos é a solicitude por parte de dúas empresas periodísticas privadas (Prensa Española S. A. e máis Prensa Castellana S. A., as dúas con forte control bancario) dun canal de TV. ó marxen, lóxicamente, do control do Estado. Isto, se vai adiante, supón a creba mesma de todo un sistema estatal de control sobor da información (fenómeno parello á creba do sistema noutros eidos). Do control monopolista do Estado pasaremos, abertamente xa, ó control monopolista do capital. E mesmo do gran capital, que será o único capaz de afrontar os gastos.

Xa na década dos sesenta, cando a chegada do Opus Dei ó poder, se tentara a creación dun terceiro canal de TV., privado e controlado precisamente polo Opus, que daquela propoñía unha alternativa capitalista máis ou menos achegada ás solucións europeas. Según o capitalismo medra e o Estado (a concepción do Estado que propuxo o franquismo) se afunde, os poderes pasarán deste a aquel, do Estado á clase social dominante, no noso caso á gran burguesía.

Os antigos sabían que ser donos das verbas, ser donos dos nomes das cousas, das palabras, era o mesmo que ser donos do mundo: terlo Poder. Os medios de comunicación son as verbas do noso tempo, e a TV. unha gran placenta, a gran ferramenta de control de masas. Alicia, no país das maravillas, quería ser *donas das palabras*, dona dos nomes das cousas, a chave do coñecemento do mundo. Todos sabemos que o mundo pode coñecerse dun xeito ou doutro, poden facer que o coñecemos dun xeito ou doutro.

*Madrid xa está a sofre-las consecuencias do anunciado «outono quente» en diversos aspectos da súa fatigada vida cidadá. E tódolos círculos políticos consultados por esta revista manifestáronse unánimes ó sinalar que estamos a vivir unhas xeiros decisivas, non sóio pró Goberno da reforma, senón pró futuro do Estado. «Santos vai se-lo mes máis longo», dixo unha das personalidades contactadas, sin agachar unha certa preocupación no seu rostro e repetindo cáseque cismosamente a verba «pacto». Rafael L. Torre informa.*

## Días decisivos

# Madrid: o mes máis longo

Mentres os traballadores da E.M.T. e as asociacións de veciños libaban as súas batallas na rúa, ocupando visiblemente o primeiro plano da actualidade e incidindo moi directamente sobor de toda a poboación madrileña co enfarte dos transportes colectivos, a clase política parece te-los cinco sentidos postos no Pleno das Cortes onde se debatirá a Reforma proposta polo Goberno Suárez.

As espadas están en alto e non se fala máis ca de supostos pactos, como sinalamos ó comenzo desta crónica. «Facendo un chiste fácil, poderíase decir que todo está pactado e ben pactado», salientábanos un esgrevio comentarista político ó intercambiar puntos de vista sobre do tema. Pro o certo é que unha grande parte dos pretendidos acordos entre as distintas forzas políticas e o Goberno Suárez non aguantaría as máis elementáis análises críticas. Moitas incógnitas boian no ambiente e non van aclararse deica o final. Así que as Cortes ten a palabra —que non a derradeira—, e a Reforma Suárez deberá baterse entre os ataques máis ferros, que partirían da Acción Institucional, capitaneada polo señor Díaz Llanos, e os postulados máis avanzados, que estarían defendidos polos señores Esperabé de Arteaga, Cercós e o galego Pérez Puga. O fondo queda outra data igualmente temida: o 20 de Santos, que os residentes na Capital agardan co corazón nun puño, dun xeito especial aqueles —cada vez máis— que se viron distinguidos con ameazas anónimas, nada agradables por certo.

A peseta é outra das protagonistas máis controvertidas nestes días. ¿Devaluación, sí? ¿Devaluación, non? Os rumores foron medrando de vagar, como consecuencia da reevaluación do marco alemán, que xa está ahí. Algúns medios bolsísticos consultados por esta revista negaron rotundamente tal posibilidade, basando o seu razonamento en que unha devaluación da peseta produciría actualmente uns efectos tan nefastos na nosa economía que a medida resultaría sinxelamente impensable. No momento de transmitir esta crónica, fontes moi achegadas ós chamados Ministerios económicos —Facenda, Industria, etc.— tamén desmentiron enérxicamente o rumor, facendo notar que unha devaluación non resultaría congruente co recente decreto-lei que define a política económica do Goberno Suárez. E este detalle precisamente é o que máis nos intranquiliza, porque existe unha longa tradición onde se demostra que ós 15 ou 20 días do desmentido oficial, chega a



AUTOBUSES VALDEIROS  
Moito fume e pouco xormal

confirmación. Ahí está, sin ir máis lonxe, a última subida da gasolina pra confirma-la regra.

A folga mantida polos traballadores da Empresa Municipal de Transportes (E.M.T.), que acadou o calificativo de «salvaxe», pode considerarse un serio toque de aviso ou unha sintomática advertencia sobor do que nos cae enriba, no caso de que a corda siga a se tensar dende os seus cabos e o espírito negociador ou a capacidade de diálogo continúen brillando pola súa ausencia. Tal impresión despréndese das notas públicas e das declaracións formuladas nestes días por distintos líderes das centrais sindicais «ilegais», dun xeito especial Comisiones Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores, que marcaron a pauta neste conflito da E.M.T. con vintedós e catro membros, respectivamente, entre os trinta compoñentes da plataforma unitaria negociadora dos acordos, desafiando abertamente á Administración e dando un inequívoco fondo político ás reivindicacións labo-rais.

Tamén a prohibición do Goberno Civil sobor da manifestación pacífica que miraban de organizar o día 5 a Coordinadora de Organizacións Sindicais (CC.OO., UGT e USO), como preparación da clase traballadora madrileña cara a xeira de paro en todo o país, fixada pró día 12, en sinal de protesta contra as medidas económicas decretadas polo Goberno Suárez, parece que re-

# POBOS IBERICOS

percutiu notablemente no desenlace da folga da EMT, así como no restante calendario de conflitos que poden se entender por todo o país.

Por outra banda, as asociacións de veciños estánlle a dar non poucos rompedeiros de cabeza ó gobernador civil, señor Rosón, que non debe dar a vasto no exercicio das súas novas atribucións, dantes dependentes da Dirección Xeral de Seguridade. Hai moi poucos días, logo de negociacións de abondo, o fortísimo movemento veciñal madrileño permitiuse o luxo de alcumar de «antidemocrática» e «inadmisibile» a postura do señor Rosón, ó tempo que se negaba a celebrar unha xuntanza co orden do día autorizado polo Goberno Civil, que precisamente deixaba fóra a celebración de eleccións pra formar Xunta Directiva, considerado por eles punto fundamental do programa. E só vintecatros horas máis tarde, as noventa e unha asociacións da provincia madrileña celebraban unha asamblea clandestina, coa participación de 180 delegados, pra deixar constituída, ó cabo, a Xunta Directiva da Federación de Asociacións de Veciños.

«Nós consideramos que ninguén pode fixarnos de antemán que é o que podemos e que é o que non podemos discutir nas asambleas. Eso é algo que únicamente nos toca a nós decidir. E coidamos que o señor Rosón meteu a pata estrepitosamente», dixeran a esta revista algúns portavoces da Federación.

No momento en que CARLOS PORTO, corresponsal portugués de esta revista, escribe pra TEIMA a primeira crónica sobre a actualidade política do seu país, están a decorre-los congresos de dous dos seus maiores partidos —o Partido Socialista e o Partido Social-Demócrata, antes Partido Popular Democrático— en canto o Partido Comunista Portugués prepara o seu, a realizar do once ó catorce de Santos.

## Portugal: tempo de congresos

A actualidade portuguesa continúa dominada non por unha práctica política constante e regular que permita ó País resolver-los graves problemas que afronta, senón por mediacións doutrinarias das que a corrección teórica, nalgúns casos, permitímonos por en dúbida. E certo que esa reflexión, a nivel teórico e organizativo, pode ser importante desque sexa precedida ou acompañada dunha actividade política responsable capaz de asegura la superación da actual crise, asegurando ó Pobo portugués condicións que lle permitan atinxi-la sociedade socialista de acordo cos preceptos constitucionais.

O congreso do P. S. foi precedido por unha campaña que pretendía, máis que por en dúbida a unidade do Partido, contribuir á súa disgregación, sin a cal a Dereita non albisca hipóteses de atinxi-lo Poder. Esa campaña foi transmitida pola prensa reaccionaria pro tamén por responsables da Información ligados ó P. S., o que non deixa de ser polo menos sorprendente. Fíxrase, no entanto claro pró observador imparcial que o P. S. estaba sendo atravesado por tensións internas, polo demáis inevitables nun partido de masas en que hai evidentes fraccións que non poden deixar de conducir a perspectivas políticas opostas. Basta pra verifica-lo atender ó feito de que un partido que se dá de inspiración marxista teña ó seu frente dirixentes que recusan o marxismo, no todo ou en parte.

De acordo co relato feito polo xornal «O Século» esas tensións estiveron nun tris de atinxi un punto de ruptura, situación que declaracións do propio secretario xeral, Mario Soares, reflexaron con nitidez: «As tensións internas non sempre serán nocivas e poden mesmo xerar unha certa creatividade, se non fora autorizado que sobrepasasen certo punto e determinados límites. Mais eses límites foron atinxidos —temos que o recoñecer— nas últimas semás. (...) Teremos que decir claramente, *bas-ta*».

O fin e ó cabo, o congreso do P. S. decorreu sin grandes embates e as posibles disidencias resolvéronse, como se ven facendo hábito na práctica deste Partido, a través de maniobras de

amalgamento que permiten a súa absorción, ou, con outras palabras, na manutención dunha plataforma de equilibrio en que as varias tendencias podan momentaneamente coexistir, pró que o secretario-xeral é especialmente hábil. Hai que suliñar dous puntos importantes do Congreso: os aplausos de apoio a unha moción que pide ó Goberno o corte das relacións co Goberno fascista do Chile; a adhesión ó P. S. de catro ministros ditos independentes do actual Goberno, e aínda de dúas coñecidas personalidades da Esquerda, o abogado Manuel Joao Palma Carlos e Herminio Palma Inácia, este un dos principais dirixentes de LUAR que deu bastantes dores de cabeza ós esbirros dos derradeiros anos do fascismo. A primeira vista, a entrada destas personalidades, no seu conxunto, virá reforza-la chamada ala moderada do P. S., contribuíndo dese modo a enlanguecer aínda máis a súa imaxen de partido da Esquerda.

Se o Congreso do P. S. rexistró a presenza de algúns tenores da Social-Democracia europea (Willy Brandt, Olof Palme, Bruno Kreisky, François Mitterrand), os Congresos ordinario e extraordinario do Partido Social-Demócrata decorreron en familia nunha cidade ó Norte de Lisboa. Partido internacionalmente isolado, ó contrario do P. S., aínda á percura dun espacio político que reivindica entre o dereitista Centro Democrático Social e o Partido Socialista, o P.S.D. alterou as súas estruturas orgánicas creando, entre outros, o lugar de Presidente, pró cal foi naturalmente electo o secretario-xeral Francisco Sá Carneiro, de quen pasan a ser desempeñadas as funcións por Magalhaes Mota. E de salienta-lo ataque feito ó Goberno P. S. e a recusa a participar en calquera frente co P.C.P.

O par da organización destes congresos e da preparación do Congreso do Partido Comunista, realizáronse reunións políticas das que non queremos deixar de rexistra-la importancia. Refirímonos en especial á reunión do Centro Democrático-Social sobre o problema das autarquías locais, das que as eleccións do Nadal asumen gran importancia política, e sobretudo ó En-

contro realizado na capital do Alentejo coa participación de milleiros de traballadores agrícolas e de pequenos e medios agricultores. Tratouse neste debate o punto da Reforma Agraria, reivindicando os traballadores presentes a defensa e o proseguimento do que é xustamente considerado como a maior conquista do Pobo portugués despois do 25 de Abril. Na derradeira sesión estivo presente Alvaro Cunhal, secretario-xeral do P.C.P. que afirmou: «Podemos confiar en que as conclusións desta conferencia serán levadas a práctica e que dentro das liñas fundamentais definidas nesta Conferencia Unitaria da Reforma Agraria os traballadores agrícolas, pequenos e medios campesinos, unidos, saberán levar por diante as pequenas tarefas que se colocan, de xeito que de aquí a un ano, ou a un ano e medio, ou a seis meses, se os traballadores da Reforma Agraria se volvesen a reunir, como volverán, novamente manifesten os éxitos acadados dentro das directrices trazadas nesta Conferencia e podan afirmar que a Reforma Agraria non volvéu pra atrás, non volta pra atrás, é unha victoria pra sempre dos traballadores e do pobo de Portugal».

Máis aló destes congresos e destes debates realizados e a realizar, dous acontecementos políticos de grande relevancia están xa á vista: a elección prás autonomías locais (nas que se espera unha victoria das forzas unidas baixo a designación de Frente Eleitoral Povo Unido, e do P. S.) e o Congreso de Todos os Sindicatos que marcará certamente a vontade dos traballadores portugueses de rexeita-lo divisionismo que só ó patronato poderá interesar, manténdose unidos baixo a égide da Central única dos traballadores, Intersindical.

O avance da Dereita, feito patente a cotío nos varios órganos da Prensa reaccionaria, faise máis preocupante en virtude da política do P. S. que en varios sectores importantes (especialmente Educación, Cultura, Traballo e Comunicación Social) presenta un cariz nitidamente conservador. Só através da unidade da Esquerda será posible superar esta situación. Con todo, como esa unidade non é posible sin a participación do P.S. non se albisca polo de agora a súa viabilidade.

EUZKADI

## Alcaldes sin seguridad

*O clima é difícil no País Vasco. Nestes intras son nove os exuntamentos guipuzcoáns que non teñen alcalde, segundo nos informa o noso corresponsal no País Vasco, Gregorio Gálvez. Nalgún caso dimitiu, a corporación enteira.*

*Vintoseis axuntamentos reuníronse, a porta pechada, pra falar encol da actitude das forzas de Orden Pública. Os alcaldes sintíronse pouco seguros. Non hai moito que o de Azkoitia sufríu o atentado duns descoñecidos contra a fermacia da súa muller, que axudara a unha rapaza ferida nunha manifestación. Os veciños, neste caso, responderon manifestándose a favor do seu alcalde. «Viva o noso alcalde, o pobo está contigo», decía unha das pancartas. Pero ó día seguinte varias rúas apareceron con pintadas «separatista e traidor». As posicións, dunha parte e de outra, están tan radicalizadas que a tensión mírese nas caras da xente e á tardiña as rúas das vilas escomezan a quedar desertas.*

# POBOS IBERICOS

O día primeiro de novembro quedou constituído en Barcelona o **Partit Socialista de Catalunya**. O novo partido é a resultante da fusión de tres grupos políticos catalanistas: **Convergencia Socialista**, **Partit Popular** e **Secretariat do PSC (Congrés)**.

Xavier Costa Clavell,  
informa dende alá

## CATALUNYA SOCIALISTAS POLA UNIDADE

O Congreso Constituínte do PSC estivo reunido —520 congresistas— dende o 30 de outubro deica o 1.º de novembro e a constituición do Consello do Partit Socialista de Catalunya quedou integrada polos 151 membros eleixidos dos 309 candidatos presentados propostos polas respectivas asembleas e frentes comarcáis. As ponencias ratificadas foron as seguintes: «Estatuts del PSC», «Bases per un Manifest-Programa», «Línia Sindical», «Línia de política municipal i moviment urbbá», «Línia de política agraria i moviment pagés» e «Línia Política del PSC».

### ENTRE O PSC (exR) E O PSUC

O nacemento do Partit Socialista de Catalunya é un feito moi importante dentro do espectro político catalán, xa que clarifica en boa medida as coordenadas do movemento catalanista. A dereita do PSC quedan agora o PSC (ex Reagrupament), coa súa tendencia socialdemócrata, e á esquerda, o PSUC, comunista. A posición do novo partido socialista catalán —afín no seu programa ó PSG e que se propón integrarse na Federación de Partidos Socialistas— defínese polo seu marxismo antidogmático —que asume como método de interpretación e análise da realidade— e autoxestionario. Esta liña sepárao por unha beira do PSC (ex R.), xa que o novo PSC defínese como un partido de clase, «que fixa os seus obxetivos políticos en función do plantexamento da loita de clases» —que refuga o grupo de Pallach— e, por outra banda, tamén do PSUC, de quen o centralismo democrático queda fóra dos postulados do Partit Socialista de Catalunya.

O feito de que agora existan dous grupos políticos cataláns autodenominados socialistas plantexa no seo do Consello de Forces Polítiques dous problemas: un o do nome, ó que terá que renunciar o antigo Reagrupament, pois os grupos integrantes do Consello sitúanse neste senso a favor do novo PSC, e outro, a nova correlación de forzas dentro do devandito organismo, xa que no futuro os grupos fusionados no PSC sóo terán un voto, o do partido recién constituído.

¿Cól é a posible incidencia do PSC na opinión pública catalá? Toda especulación sobor dela resultaría moi aleatoria nestes intrins, habida conta da inesistencia de datos concretos —enquisas ou eleccións— que poideran axudar a facer unha interpretación cunha mínima base real. Pro non cabe dúbida de que o PSC conta con moitas simpatías en certos sectores intelectuáís, universitarios e da pequena burguesía. A súa penetración no sector obreiro non parece ser moi forte polo de agora e a súa futura captación no campo obreiro —de capital importancia pra un partido socialista que fixa os seus obxetivos políticos no plantexamento da loita de clases— dependerá do xeito en que se mova o PSC á hora de defender no terreo das realidades os principios programáticos.

### OS «OUTROS CATALANS»

Compre poñer de relieve que a existencia dun partido coma o PSC pode constituir unha grave ameaza prós políticos —moitos deles, senón cáseque todos, de procedencia franquista, como o Fraga Iribarne— que manteñen —máis ou menos inconcesablemente— a esperanza de resucita-lo lerruxismo en Catalunya. Se o PSC acerta a atrair a un porcentaxe importante dos inmigrantes —xeralmente de orixen, senón obreiro sempre, maioritariamente humilde— farálle a Catalunya un gran servizo. O seu programa socioeconómico e o seu firme pro ponderado catalanismo fai do PSC un grupo político particularmente apto pra recuperación democrática dos outros cataláns, dos que proceden dos diversos predios da emigración.

Outra tarefa que ten que acometer axiña o novo PSC e a de propicia-la unión de tódolos grupos socialistas cataláns. E unha angueira moi presente na mente dos líderes do PSC. Un dos máis proeminentes líderes —dentro do antipersoalismo polo que se decanta o PSC, que xa anunciou que terá unha dirección colexiada, sin secretario xeral—, Joan Raventós, antigo número un da desaparecida Convergencia Socialista, declarou á prensa barcelonesa que «en canto ás relacións cos outros grupos socialistas teño que manifestar que o obxectivo prioritario de conqueri-la unidade de tódolos socialistas de Catalunya non está rematado. Trál-a constituición do PSC seguimos abertos e traballando pra alcanzalo. Existe unha comisión de enlace coa Federación Catalana do PSOE e outra co PSP de Catalunya. (...) Polo que se refire ó Front d'Esquerres (apoiado por Trías Fargas e máis por Pallach), recentemente proposto, escapa dos plantexamentos de unidade dos socialistas, coma é obvio, pola formulación que do mesmo fan os partidos políticos que o propoñen, xa que pretenden agrupar a partidos tan dispares como a Democracia ICristiana, Liberales, etcétera».

Todos estes interrogantes poden e deben ter unha mínima resposta nos futuros meses. Polo que se refire concretamente á incidencia do PSC na opinión catalá o mitin de masas que o partido prepara pró 28 de novembro terá calidade, en certo senso, de enquisa popular.

A volta dun viaxe á Arxentina —onde contactou con profesionáís, periodistas e xente que vive e sofre a actualidade de aquel país— García Palmeiro, de TEIMA, escribiu un informe a partires das súas impresións. Veleiquí.

## ARXENTINA

# A MILONGA DO TERROR

«Parecerá que os terroristas somenten buscan perturbar e dificulta-lo acioniar do país. O facerse imposible o seu trunfo, tratan de dificulta-lo noso. E unha actitude negativa, non leva nin levará a outro fin que á necesidade da súa total eliminación. E parece que neste están empeñados. «Poidera ser que a guerrilla producira aínda algúns feitos soados. Isto sempre pode pasar neste tipo de conflitos, pro do que non cabe dúbida é de que xa perdéu a guerra, anque non alcanzamos aínda a paz».

«Pode pasar incluso que a paz absoluta non chegue en moitos meses ou anos, pro o conflito armado terá perdida xa a súa importancia. O razoable sería que a loita armada se suspendera e continuara a loita ideolóxica. Na confrontación de realidades debe definirse a loita ideolóxica».

Estas palabras foron pronunciadas por un xeneral do exército arxentino, en presenza do presidente da nación, teniente Xeneral Jorge Rafael Videla e outras altas autoridades militares e civís. Dous minutos despóis o palco presidencial saltaba en cachos. As autoridades acababan de abandonalo.

Na praza das armas da escola de comunicación do exército a guerrilla viña de presentarse por enésima vez pra sorpresa de todos. Os «delincuentes subversivos» —espresión da prensa diaria— estiveran a punto de provocar unha catástrofe de imprevisibles consecuencias.

A prensa arxentina tardou dous días en dar noticia do atentado. Entón xa o tiña reivindicado «Montoneros», peronistas de esquerda ou «organización declarada ilegal en 1975», según as versións oficiáis.

Unhas horas antes do atentado, a prensa informaba con detalle da morte de cinco xefes do sector político dos Montoneros e da captura doutros catro despóis dunha batalla de case tres horas.

Era un golpe moi forte pra cúpula de «Montoneros» como o asinamento de Roberto Santucho ó 19 de xulio, o fora pro ERP (ejército revolucionario del pueblo), «organización declarada ilegal en 1973», nas versións oficiáis. Súmense a todo esto varios miles de operativos, allanamentos, detencións, secuestros e asinamentos de toda caste. ¿De onde saca a forza a guerrilla? ¿Cánto tempo pode dura-la guerra?

### OBXETIVO: REPRIMIR

Porque dende a toma do poder pola xunta militar ó 24 de marzo, esa é unha palabra habitual. Prós militares o obxectivo é gana-la guerra. O exercito, a policía, e outras forzas de seguridade están empeñados na tarefa. Contan coa axuda de totalas bandas parapoliciaís posibles, grupos armados de estrema dereita e outros colaboradores espontáneos que fixeron ameazadora a vida no país.

As patrullas recorren día e noite as cidades dun lado pra outro. Son frecuentes as detencións na rúa e os rexistros municiosos nos bares e outros lugares públicos. «O emprego da forza —son palabras do ministro do Interior— que presupón reprimir non é senón a resposta á violencia da subversión».

Os resultados, debidamente filtrados aparecen nas páxinas dos periódicos a cotío. «Abatidos 13 delincuentes subversivos». «Ayer, 5 procedimientos antisubversivos». Son titulares coherentes que non deixan de chama-la atención porque unha e outra vez o alto mando insiste en que a guerrilla está cercada. «A guerrilla deixóu de ser xa unha alternativa na Arxentina. Está quebrada na súa capacidade operacional e illada da poboación, foron descabezada-las súas cúpulas e destruído en gran medida o seu aparato loxístico e de propaganda», dixo o presidente Videla ó 24 de setembro, indí-cando tamén: «O seu aniquilamento é o obxectivo de máis alta prioridade, como condición indispensable da seguridade».

### VOLTOU O TERROR

A guerrilla resposta con seus golpes inesperados e increíbles. No medio certamente, tratando de sobrepoñerse a un sentimento de terror xeralizado, queda a gran masa do pobo arxentino, navegando nunha difícil e agravada situación económica con perspectivas alarmantemente inflacionarias. Hai xa un comenzo de proletarización de amplos sectores da clase media, o que poidera ser base pra novos plantexa-



(Pasa á páxina seguinte)

# RESTO DO MUNDO

(Ven da páxina anterior)

mentos radicais, de reforzamento do quefacer da guerrilla.

O terror, o medo ós rexistros continuos —«operativos rastrollo»— compróbase na desnudez das bibliotecas das casas. Os libros están enterrados, ou escondidos, ou sinxelamente queimados. Calquera libro no que aparecen as palabras revolución, socialismo, que recolla aspectos do pensamento de Carlos Marx ou de Salvador Allende é peligroso e debe ser eliminado.

Os militares están empeñados tamén nunha «rexeneración». «Desgraciadamente durante longos anos —palabras do almirante Emilio Massera, comandante xeneral da marina, partidario decidido da man dura— o conxunto da sociedade arxentina foi corroído por conceptos e conductas que a levaron ó borde do caos, a miseria e a autodisolución.

Así operaron a falta do sentido heroico da vida, a complacencia sutil, diante dos duros sacrificios que unha vida con senso de grandeza lanza como desafío. A crencia en que os lexítimos dereitos que o ser humano posee diante da comunidade non implicaban deberes de non menor envergadura e a convicción de que se podía acadar un grado de benestar crecente sin esforzos».

## CASE TODO E PELIGROSO

A verdade é que, cada vez máis, vai sendo necesario un «senso heroico da vida» pra que os arxentinos poidan afronta-la súa situación. Non se sabe cómo pode dura-lo proceso, pro ningún conta con que se quede corto.

«Non cairemos na tentación de saídas electorais apresuradas —ten dito o presidente Videla— nin reiteraremos combinacións políticas das que o país ten memoria do fracaso». O que quere decir que non hai presa, nin impaciencias especiais.

Os intereses da gran burguesía están ben defendidos en Washington

tampouco ten nada que temer. O fascismo da man das botas dos militares estendéuse xa por todo o «cono sur» do continente americano. A consigna é que todo o que cheire a socialismo ou a renovación das estruturas é malo e debe ser destruído. Deste xeito, a loita antiguerrilleira pasou a ser xa tamén intelectuais independentes e os artistas e profesionais máis ou menos comprometidos. A nómina dos que buscaron refuxio en Barcelona, Madrid, París ou Londres e ben ilustrativa a este respecto.

## DUAS ALTERNATIVAS EN XOGO

¿Hai unha saída? «E tempo de espera, —declarou a TEIMA un abogado de Córdoba— de longa espera, mentres se reconstrúen novamente as forzas populares. Pro a situación é moi difícil e non é doado facer predicións. Cicais a crises económica poida precipitar outros acontecementos. Haberá que agardar».

Noutros sectores crese que o estremita de dereita e esquerda está impedindo establece-las bases pra unha reorganización democrática e pluralista. Non se ve clara tampouco esa solución. Non parece posible. O que si está claro —os militares non o dudan— é que os golpes de guerrilla proseguirán —prosiguen—. Por eso se reforan os operativos. Por eso o exército voltou a conceder condecoracións despóis de moitos anos, ós «héros da guerra anti-subversiva».

Son, pois dúas alternativas as que se enfrentan. E, «pode pasar incluso que a paz absoluta non chegue en moitos meses ou anos».

Mentres, na Arxentina e nas outras repúblicas iberoamericanas seguirá a corre-lo sangue. E a batalla pola liberación e a verdadeira independencia. A guerra aberta —con poucas posibilidades de éxito a corto prazo— contra imperialismo.

# CARTER OU A NOVA IMAXE DO IMPERIALISMO

X. M. PALMEIRO

Despóis da elección de Jimmy Carter como trixésimo noveno presidente dos Estados Unidos de América, empezaron as cábadas nas cancelerías sobor dos cambios que este relevo pode provocar na política exterior USA. Non se apagarán o 20 de xaneiro do ano que ven cando Carter xure o seu cargo e hastra poidera ser que incluso sexan máis fortes. Sábese pouco do novo presidente, do seu programa. E inda que non cabe esperar accións espectaculares a corto ou medio prazo, estase ó tanto das sinais, dos indicios que poden marcar algunha pauta. «Eu non sería un presidente tímido e condescendente e o meu goberno debe ser agresivo», ten dito algunha vez Jimmy Carter, o que parece facer referencia fundamentalmente ó estilo, á imaxe a impoñer de portas pra fora.

Dentro desa imaxe, as constantes da política USA manteránsen. Vencellos coa Europa Occidental e o Xapón, xogo de negociacións-concesións coa Unión Soviética e a República Popular China, sin esquecer a Formosa.

Xunto con todo esto, Carter ten falado algunhas veces con dureza dos aliados totalitarios, como Corea do Sur e Chile, advertindo que os Estados Unidos non aproban gobernos represivos. E cáseque unha paradoxa, porque eses «aliados totalitarios» xogan un papel non precisamente insignificante dentro do esquema e os cálculos do imperialismo USA, que non se caracteriza por impoñer polo mundo adiante modelos de democracia. E difícil pensar que o novo estilo consiga rompe-la continuidade fundamental que pode adiviñarse nestas primeiras semás. Outra cousa pode se-lo achegamento ás nacións do «terceiro mundo», da man das relacións económicas. A necesidade de manter e amplía-los mercados e o asegurarse a adquisición das materias primas pode levar a que se fixen os prezos das mercancías tendo en conta as propostas dos países pobres. Son retazos sacados de discursos, declaracións e escritos de novo presidente que tamén trataría, afirma, de reduci-los envíos de armas americanas ás nacións do terceiro mundo, inda que non de reduci-los presupostos militares.

Cicais poida aclarar algo a designación dun novo secretario de Estado se confirma definitivamente a morte en serio da chamada «era Kissinger». Calquera dos nomes que se baraxan atoparase de entrada cos polvoris de Rhodesia e o Medio Oriente. Problemas herdados e intereses, tamén herdados e moi importantes en xogo. Dous Vietnams dos anos 70 que poideran prolongarse algo máis incluso cun presidente que está disposto a desterralos calificativos «tímido e condescendente». Tamén se dí que a xestión de Carter pode favorece-la implantación dun sistema democrático no Estado español. Non sabemos a qué novo precio. O primeiro continuo chamado a impoñer a súa lei de ouro é o dos intereses en xogo. Por eso parece máis axeitado falar agora dun rostro do imperialismo de sempre, vello conocido tamén en todo o Estado español.

## CANADA

### O PROBLEMA DE FACERSE COA CULTURA PROPIA

«Os nosos estantes de revistas e libros están invadidos por produtos estranxeiros, algúns malos e outros bos, pro que non fan mención do Canadá. Eses libros e revistas non foron escritos ou publicados en función de nosoutros. Nosoutros somos simplemente un mercado no que se verquen eses produtos e no que os beneficios son ilimitados». Son palabras do secretario de estado do Canadá, Hugh Faulkner, recollidas por Alberto Rabilotta.

O autor señala que a influencia norteamericana na cultura, educación e sociedade canadense revelase «como un dos principais obstáculos que impiden a realización dunha entidade nacional».

Se a situación é mala no que fai referencia a televisión, xa que ó 50 por cento da poboación canadense pode captar hastra catro canais da televisión USA, resulta inda peor no campo das revistas e edicións baratas, xa que case a totalidade da rede de distribución «está baixo o control dos patraís norteamericanos. Idéntica situación vivese na industria do cine».

Pro ministro Faulkner non hai dúbida de que «as forzas que debilitan a nosa aptitude pra facermos cunha industria manufacturera secundaria propiamente canadense son as mesmas que fan moi difícil, pra editores e produtores cinematográficos, emprender un labor rentable». Tamén sabe e así o dixo diante do embaixador dos Estados Unidos, que «o caso dos labores e empresas culturais supón algo esencial pra nosa existencia como nación».

Faulkner falou tamén da necesidade de elaborar unha política que axude o proceso da cultura e ás industrias que a favorecen e destacou a lei C-58 que eliminou os privilexios fiscais de que gozaban «Time» e «Selecciones del Readers Digest». «Mentras «Time», dixo, podía beneficiarse dunha redución nos impostos ningunha revista nacional podía facerlle a competencia e non porque «Time» fora mellor, senón porque os seus gastos de produción tiñan sido cubertos denantes de entrar no mercado canadense e os beneficios facíanse no mercado estranxeiro pro que o produto fora feito. O mercado canadense representaba pra «Time» con medio millón de exemplares, un beneficio neto».

O ministro diría tamén que esta revista tiña sido sin dúbida o mellor medio periódico de penetración ideolóxica e cultural cun 90 por cento de noticias norteamericanas.

O resultado é que agora mesmo poucos canadenses están dispostos a secunda-las iniciativas gubernamentais pra remediá-la situación. O ministro atopou tamén a explicación, apuntando ó feito de que «o influxo cultural penetróu tanto na poboación que moitos están totalmente aliados da realidade nacional, debido ó continuo sometimento a fontes culturais estranxeiras».

### AGORA, QUEBEC VENTAXA PROS INDEPENDENTISTAS

Cando se estaba a pechar este número cero de TEIMA, chegou á Redacción a noticia do triunfo dos independentistas de Quebec —territorio de lingua francesa do Canadá—.

A dependencia ou independencia de Quebec con respecto ó Canadá dependerá máis adiante dos resultados dun referéndum prometido xa polos vencedores.

O triunfo dos independentistas —agora recórdase unha vez máis o «Viva Quebec libre» de De Gaulle no 1967— provocou non poucas sorpresas e unha non disimulada preocupación na OTAN, da que Canadá forma parte.

TEIMA ofrecerá no próximo número un análisis sobor da situación actual de Quebec.



CASCOS E BAIONETAS NA RUA ¡Qué macana, ché!

# O FIADEIRO

A resposta dóulla Eduardo Blanco-Amor ó nos compañeiro Freixanes no seu libro aquel de «Unha ducia de galegos»: «Os fiadeiros eran xuntanzas de homes e mulleres na corte da casa campesiña, que era onde había calefacción animal, esperando o día pra ir traballar as terras. As mulleres, as vellas e as máis novas, fiaban e contaban contos. Eu aínda teño unha fotografía, cunha ama de cría que tiña nun destes fiadeiros nunha aldea perto de Ourense. Os mozos iban toda a noite dun fiadeiro noutro con pandeiros, cantaban ao chegar, espaxían un pouco o estrume da corte e bailábase unha muiñeira (as vellas bailaban unha muiñeira señorial e solene), establecíanse unha sorte de «loitas» dialogadas entre os compoñentes, homes e mulleres, «farras» e «frascas». Había unhas leises, era un verdadeiro teatro espontáneo cun grande marxen de improvisación, coma todo o teatro no seu principio. Lamas Carvajal conta que chegaba un intre no que alguén tiraba o pucho, apagábase a luz do candil de gas e alí mesturábanse todos polo chan, homes e mulleres.»

Blanco-Amor engadí logo que él non vira nunca aquilo das mulleres e máis homes, de reboións polo cortello adiante sin a luz do candil. Nós tampouco, claro, pro non perdémlas esperanzas. E agardamos a que, calquera día, no FIADEIRO da revista algún que outro carallán chegue e peche a luz: de alí en diante FIADEIRO iráse quentando e collendo saúde, que é o máis importante, e a ver por ónde saímos logo semá a semá. O millor sería, xa dende o número 1 de TELMA, que FIADEIRO fora o resultado da liña directa da sección cos mesmos lectores: senos poñemos a todo, os lectores e máis nós, os que facémola revista, ímoslle asubiar polos ventos ó mesmo sandiola contándonos secretiños a berros. Coa axuda dos contos do lector eiquí vanse saber moitas cousas, miudas e non tanto. Do pasado, do presente e do futuro. Da mar, do campo e da cidade. Dos curas, dos alcaldes, dos menciñeiros e das meigas. Da política e dos políticos. Dos homes e máis das mulleres ou de ámbolos dous xuntiños.

Nesta ocasión FIADEIRO non é nada, somentes catro cousiñas pra ocupa-lo espacio a modo de presentación. E pra chama-la atención dos lectores: témoslle orellas de dez metros e a lingua solta pra escoitalos.



## DON GONZALO AGARDA POLO XUICIO

Gonzalo Ordóñez, ex-alcalde de Porriño, ocupóu durante trece anos a alcaldía. Nese tempo tivo lugar o «salto de Porriño ó desenvolvemento» ó traveso dun proceso de crecemento industrial independente do «polo» oficial: coma quen dí, mandóu ó «polo» a tomar polo... vento.

A política persoalista do señor Ordóñez despertóu un milleiro de oposicións e, por máis dun ano nin se poideron levar a cabo plenos no Axuntamento pola inasistencia voluntaria de seis dos concelleiros.

Coas primeiras eleccións pseudo-semi-democráticas foi elixido un dos concelleiros que máis noxo lle tivera. Agora, Ordóñez agarda un xuicio por supostas irregularidades na súa xestión municipal e, namentres, por aqulle dunha defensa poderosa, metéuse entre das dúas razóns máis coñecidas na historia dos derradeiros corenta anos do Estado español. Os leóns, seica, sonlle curmáns dos outros dous que viven á porta das Cortes de Madrid.

# fiadeiro

## A CHUCHOA DO ELP

Hastra hai pouco, despóis de levar alí pechado unha chea de tempo, un cañón de 65 mm. «vivíu» nas dependencias ourensáns de contrabando e defraudación da Delegación de Facenda. O cañón viña a ser un cacho do armamento que a extrema dereita portuguesa pasóu ó seu país nos últimos tempos ó traveso das fronteiras galegas. Era parte dos «argumentos» que os ultras do Exército de Liberación de Portugal (ELP), da man da Internacional Negra, tentaban de poñer en consideración no veciño país.

O falar do devandito cañón dixemos que «vivíu» na Delegación de Facenda de Ourense, e é ben certo que vivíu: polas noites, os veciños seca tiveron estrañas visións e soños medoñentos namentras nas paredes próximas á casa de Facenda reflexábanse, por segundos, certas imaxes coma a que temos hoxe no fiadeiro. O noso reporteiro gráfico nas Burgas tívose que botar desafalzado contra da primeira parede que viu ilustrada de tal xeito pra lle sacar unha foto, a que vostedes teñen diante.

Pouco despóis, o cañón era retirado polas autoridades militares e a meiga chuchoa «ficaba embora», como dín os portugueses.



## FRANCO CELULOSIZAR GALICIA.

Francisco Franco, falando da reboación forestal o 18 de abril de 1959, sábado: «La impulsó constantemente y se están obteniendo muy buenos resultados, especialmente en Galicia, por ser allí magnífica la calidad del pino para obtener la celulosa».

(Recollido do libro «Mis conversaciones con Franco», de Franco Salgado).



XAIME ILLA  
As mans finas



«Jesusito de mi vida, eres niño como yo...»

## A ilegalidade da fame

O longo dunha folga dura e nada doada, coma foi a dos pintores da Cruña, houbo, nembargantes, varias anécdotas que dan mostra ó mesmo tempo dunha capacidade de loita e tamén de humor no proletariado galego. Unha das accións foi, por exemplo, o peche na igrexa dos Xesuítas na zona céntrica da cidade: Despois de algo máis de dez horas e catro misas, os obreiros foron «inviatados» a desaloxar polas forzas da Policía. Neses intreos, un dos homes máis combativos da Pintura, o «Bigotes», achegouse a un axente e ofrecéulle unha das rifas que vendían prós fondos da caixa de resistencia. «Non as merito porque son ilegais», díxolle o policía. Faltóulle tempo ó «Bigotes» pra repostar: «O que é ilegal é a fame».

Os pintores perderon, nesta vez, un pouco polas presións desta derradeira ilegalidade. As forzas biolóxicas, a loita pola subsistencia dos obreiros, puxéronse da banda dos empresarios.

XAIME ISLA (ILLA) COUTO é un dos homes da democracia cristiana na nosa terra. Hai dous centros de atención, os que logo se xuntaron no actual Partido Popular Galego: Os que viñan da Izquierda Democrática de Ruiz Jiménez en Santiago, O Ferrol e A Cruña, e mailos que naceron dos grupos social-cristianos de Vigo. Dos primeiros é García Agudín, na Cruña. Dos segundos é o noso home: Xaime Illa. Ningún dos dous quere amosarse públicamente por enriba do outro, pero entre os dous debe andar, seica, a presenza futura do PPG. Un partido que sigue entre tódalas augas sin se definir, sin estar nin con úns nin cos outros. Nin se sabe.

Xaime recibe ben á xente, pro cando se trata de falar de política

deixa as cousas abertas, as preguntas penduradas no ar, os fios soltos e un chisco medoñentos. Claro que estas son imaxes subxetivas, pro Illa é un pouco tímido, cacáis demasiado pra un político. Ten as mans finas. Fuma tabaco estranxeiro de pipa, arrecendente, caro.

Dende a fiestra da súa casa vese o Náutico vigués, o porto comercial, o monte da Guía, ó fondo e as lanchas de Cangas. Xaime cre na democracia cristiana, defínese coma cristiano e demócrata, coma galeguista (e galeguista dos históricos, das Mocidades Galeguistas, «Galaxia», «Sep», etcétera). Illa cre no abanico político: a realidade sociopolítica galega é un abanico que hai que encher con posicións *dende o país* e con grandes vacíos, sobor

de todo na dereita e no centro. A democracia cristiana pode ser unha alternativa —dentro dos equipos da DC do Estado Español, Ruiz Jiménez, etcétera— pra ir enchendo cara á dereita e dende o centro as posibilidades e vacíos do abanico.

Todo a cal é un análise, claro pola conta de Illa. Nmantres, o pepegallo vigués semella —no dibuxo de Siro— coma se agardara, iluminado polo sorriso, a que Ruiz Jiménez remate as súas oracións: «Prega, Joaquín, prega, que non nos veña a sursuncorda». E Jiménez prega: «Jesusito de mi vida, eres niño como yo...» no seu castelán sin acento. Illa garda na espalda as súas mans finas.

CAITANO, por Xaquín Marín.



en Galicia...



RADIO POPULAR

VIGO, OURENSE, FERROL, LUGO

por unha radio cada día **máis nosa**



«A este outro chámalle «barro da gaita» porque cando o escomenzaron a sacar, perto de alí había un rapaz que non paraba de toca-la gaita». Deste xeito, nunha relación directa homes e natureza, cando a propia terra é mantenza e materia de creación, xurde a cerámica popular. Nace Buño.

# BUÑO: Aínda xira o torno



Dín os papéis oficiáis que a parroquia de San Estebo de Buño, na bisbarra de Bergantiños e no municipio de Malpica, ten novecentos e pico de habitantes. Cando volten a contalos de seguro que haberá menos por obra e gracia da emigración cotiá.

Houbo un tempo en que tódalas familias de Buño se adicaban á alfarería. O oficio chegou de Piñeiro, unha aldea próxima onde a tradición pérdese na noite dos tempos, coma gustan de decí-los libros de testo. Hoxendía en Buño unha ducia de alfareiros e, xunto con Bonxe, Niñodagaña, e Mondoñedo, é cecáis un dos poucos lugares onde os tornos xiran tódolos días, e onde o barro —a «pella»— déixase facer polas mans pra chegar a ser cacharros prá cociña, ou cecáis ataños prá queimada, ou chicultureiras, ou botixos, ou eses xoguetes chamados «lillos», ou buxinas...

## A NOVA DEMANDA

O certo interés que en Galicia se escomenza a ter pola cerámica popular, incluso pola burguesía, fai que os alfareiros que aínda traballan en Buño vivan un pouco millor ca noutros tempos. Atraen sobor de todo os productos que teñen algunha elaboración, con motivos artísticos. «Hai uns días —decíanos un alfareiro— chegou un camión do «Corte Inglés» e arramplou con todo canto cacharro había, e seica que a

xente gostanlle moito». De plantexarse unha racionalización desta industria artesá, habería que pensar tamén nunha comercialización polos propios alfareiros. Nos tempos en que os únicos compradores dos productos procedían da poboación rural ou mariñeira, os alfareiros ían polas feiras coa súa mercancía de barro.

Non hai dúbida de que a demanda de cerámica pola burguesía ou pequena burguesía das cidades condiciona dalgún xeito a estética do produto que se fai máis «s sofisticado», coma poden reflexa-los cinceiros e outros obxectos de adorno. Nembargantes, as liñas bá-

sicas, os sinos, as claves estéticas da cerámica de Buño mantéñense.

Son asombrosamente sinxelos os medios empregados pra crear estas pequenas obras de arte popular. Co pisón aplástase o barro na pía, logo mistúranse as distintas clases, logo a auga, e o traballo con soio catro ferramentas: as canas, o pano, o aramio e o torno. Nos fornos o lume aliméntase con pau de toxo.

Mais é precisa unha sabiduría que sóio a tradición de pais a fillos e o contacto coa natureza fai posible. Un vello alfareiro díxonos de corrido dez nomes de clases de barro: quetano da poza grande, bertude, zorra da sarasa, zorra do novo, zorra da perna, zorra da san-toña, barro do corpo, fietail e barro da gaita, «e hai moitos máis».

## CHEGOU «O PROGRESO»

Xunto co problema fundamental de non contar cunha protección e axuda, da falla de racionalización xeral na industria artesá —os alfareiros teñen un gre-

mio, pro pouco é o que poden facer—, os artesáns de Buño teñen algunhas dificultades, que poden ser meirandes no futuro, coas barreiras.

Na zona de estración do barro instalóuse unha empresa de fabricación de ladrillos que leva o curioso e decimonónico nome de «El Progreso». Os alfareiros teñen medo, e algúns feitos lle dan pé pra sentilo, de perde-los terreos onde estraen o barro dende hai moitos séculos. Son os problemas dun «progreso» que non quere choca-las cinco co entorno no que se asenta. Os alfareiros tampoco se lles deixa, ó parecer polo axuntamento, utilizar máquinas pra sacar ou move-lo barro.

Agora, na carretera vense xa «pintadas» nalgúns muros de pedra. Son as primeiras pegadas dun mundo e unha conciencia que quere nacer. En Buño o torno aínda xira e os alfareiros fan arte tódolos días sin mitificacións e complexos. «Naqueles rostros, na terra que labraban e o mar, estaba pra nós a liberdade», escribía Seoane. Penso que tamén nas mans dos alfareiros.



(Foto VILASO)



(Foto VILASO)



(Foto VILASO)



## TEORIAS DO NACIONALISMO

R. H.

A teoría marxista que estuda a nación (e a problemática do nacionalismo como fenómeno da sociedade contemporánea) coincide coa socioloxía anglosaxona, emparentada co funcionalismo, en que o fenómeno nacional ten de ser interpretado como resultado dun proceso de modernización. Prás dúas doutrinas (ou conxunto de doutrinas) a constitución da sociedade industrial explica en gran medida o nacionalismo e conforma as comunidades nacionais enfrentándoas ás comunidades tradicionais.

Sin embargo, namentras dende o marxismo se tenta descubrir nesto categorías colectivas concretas, o funcionalismo vai á procura de tipos ou motivacións ideais, seguindo a heranza de Max Weber ou Talcott Parsons. E dende estas perspectivas que A.D. Smith se achega ó problema dos nacionalismos (1). «*Las teorías del nacionalismo*», dentro do crecente interese que amosan as nosas editoriais polo tema, que ven facendo preocupar a Europa dende hai unha chea de tempo, é unha obra escrita dende a discusión e o diálogo con sociólogos e politicólogos da modernización: David Lerner, Eisenstadt, Semelner e, sobor de todo, Gellener, co que o autor ten moitos puntos de coincidencia.

Smith amosa no seu libro as virtudes e mesmo os erros (conscientes ou non) da doutrina á que pertence: o funcionalismo. No nacionalismo moderno, como doutrina e movemento ideolóxico e político de autodeterminación de grupos, os factores culturais e políticos son, pra Smith, máis importantes cá lingua e o conflito de clases. Moitas das súas posicións e afirmacións son discutibles (sobor de todo as derradeiras páxinas, cheas de subxetividade). Pro o seu método é crítico e descubridor.

Preocúpalle a Smith a xurdimento dos movementos nacionalistas. ¿Cómo intrepeta-lo feito político dentro das coordenadas e condicións sociais, culturais e económicas dunha colectividade? ¿En qué condicións determinadas pode xurdir un movemento nacionalista? Smith, dende a súa condición de sociólogo que se achega a estes temas, dá lampadas suxeridoras. Propón tres cuestións fundamentais: saber qué elementos de cultura e ideoloxía leva en si mesma a conciencia de nacionalismo e que se traducen, nun intre concreto, nun movemento nacionalista; cómo se organiza este movemento e qué esixencias políticas supón, qué grupos ou clases sociais sosteñen a ideoloxía que leva ó nacionalismo.

O libro de Anthony D. Smith entra de cheo na necesidade de descubrir e analizar en profundidade as razóns, motivacións e características dun dos feitos sociais e políticos máis importantes da Europa occidental e, concretamente, da España predemocrática: a autodeterminación, o feito nacional (lonxe da identificación Estado-Nación froito da filosofía burguesa da Revolución Francesa), os nacionalismos.

(1). Anthony D. Smith. «*Las teorías del nacionalismo*». Colec. Homo Sociológico. Ediciones Península. Barcelona, 1976. 388 pax.

## Las teorías del nacionalismo

Anthony D. Smith

Homo sociologicus  
ediciones península

## ESCOLMA TEIMA

Xosé Luis Méndez Ferrín. «*Antón e os inocentes*». Edicións Xistral. Pontevedra, 1976. 159 pax. (novela).

Xosé Luis Méndez Ferrín. «*Percival e outras historias*». Galaxia. Vigo, 1976. 118 pax. (contos). 2.ª edición. A primeira é de 1958.

Víctor F. Freixanes. «*Unha ducia de galegos*». Galaxia. Vigo, 1976. 294 pax. (entrevistas). 2.ª edición polo San Froilán. A primeira saíu o 25 de agosto.

Ramón Piñeiro. «*Lembrando a Castela*». Cadernos populares. Editorial Sept. Pontevedra, 1975. (ensaio). 1.ª edición tetralingüe.

A. Pexegueiro. «*Seraogna*». Rompente. Pontevedra, 1976. 91 pax. (poesía).

Arcadio López Casanova. «*Memoria dunha edá (1960-1975)*». Arealonguiña. Akal Editor. Madrid, 1976. 61 pax. (poesía).

Fernando González Laxe. «*Problemas da pesca costeira galega*». Col. Agra Aberta. Galaxia. Vigo, 1976. 103 pax. (economía).

Xavier Casta Clavell. «*Perfil conflictivo de Galicia*». Edít. Galba. Barcelona, maio de 1976. 246 pax. (ensaio-crónica).

Alfonso R. Castelao. «*Kristalezko Begia*» (Esqueleto baten oroime-nak). Kriselo. Donistia, 1976. 63 pax. (narrativa). Traducción ó euskara de «*O allo de vidro*». DISCOS

Amancio Prada. «*Caravel de caravales*». Serie Gong. Movi Play. 1976.

Jeí Noguerol. «*Denantes dos vinte anos*». Edigsa/Xistral. 1976.

Xerardo Moscoso. «*Galicia*». Fora dos circuitos comerciais. 1976. Xenebra.

**Tratábase dun primeiro encontro, cáse-que dun primeiro achegamento ó que asistían xentes das diferentes áreas do Estado. O gobernador civil non deixou que fora moito máis.**

INTELECTUAIS EN BARCELONA

## POR UNHA CULTURA PLURINACIONAL

ARTELLAR  
UNHA ALTERNATIVA

Unhas duascenas personas axuntáronse o derradeiro 31 de outono no convento dos Capuchinos de Sarriá (Barcelona), aproveitando a ponte dos Difuntos, pra tentar de discutir a celebración da *Primeira Xuntanza de Intelectuais, Artistas e Profesionais* das nacións e rexións do Estado. A xuntanza tiña de celebrarse no Paraninfo da Universidade e alí foi convocada a xente, pero no serán do día 29 Josep María Castellet, membro do Secretariado Provisorio das Xuntanzas, recibira a comunicación do gobernador civil prohibindo os actos.

Tratábase, efectivamente, dun primeiro encontro. E certo que podía ser maior a representatividade, que alí non estaban todos, que fallaba moita xente (a uns se lles avisou e a outros non), pro as condicións e características da actual situación política española non deixaron facer moito máis do que se fixo, asegún se explicou alí.

A pesares desto había xentes de Andalucía, da *Asamblea de Artistas e Intelectuais* de Asturias, de Aragón (pertencentes á *Asamblea de Intelectuais Demócratas*, anque viñan a individual), de Castela-León, a *Asamblea de Intelectuais Cataláns*, Canarias, Euzkadi (*Asamblea de Arautzazu*, *Asamblea de Profesionais de Euzkadi* e xente illada), Les Illes, Madrid-Rexión (*Coordinación Democrática de Profesionais*) e País Valenciá. Por Galicia foi unha representación da *Alternativa Democrática da Cultura*, de Vigo, e algunhas personas a xeito individual: Xosé Pastoriza (pola *Alternativa*), Alfredo Conde, Xoan Carmona, Carmen Castroviejo, e tiñan prevista a súa presenza ó parecer Basilio Losada e máis Celso Emilio Ferreiro, que logo non foron.

A idea era botar os primeiros alicerces de algo máis feito. E esto foi un pouco o que se discutiu en Sarriá, namentras as forzas de Orden Público non obrigaron a abandona-lo local: a posibilidade dunha alternativa democrática a nivel de Estado pra cultura, partindo do feito plurinacional e dende as mesmas nacións e rexións que o conforman.

Léronse algunhas ponencias (entre elas o *chamamento* da Alternativa Democrática de Vigo que publicamos), pero non houbo tempo pra discusión. Unha cousa sí se poido comprobar: o carácter abertamente rupturista das propostas, xa que sin creba democrática —dixeron— non é posible nin a legalidade plurinacional nin o recoñecemento das culturas de cada pobo.

Na redacción dun escrito que os participantes neste primeiro encontro fixeron chegar ós medios de comunicación, tiñanse moi presentes todas estas cousas: o intelectual, o artista é un responsable máis (e ás veces grave) da problemática cultural, social e política do seu pobo, as solucións pra unha cultura popular e democrática han ser políticas, as reivindicacións e dereitos nacionais dos pobos do Estado non son nin moito menos asimilables polo actual goberno reformista, (estamos a recolle-las ideas fundamentais do seu comunicado).

A policía valeirou o local da xuntanza. Acordóuse convocar outra en pouco tempo na que a representatividade sexa maior e coa esperanza dunhas liberdades democráticas que permitan a súa celebración.

*Por unha cultura plurinacional e democrática.* Os intelectuais toman postura.

TEIMA  
CULTURAL

NOVELA GALEGA

## CONCURSO DA CASA DE BILBAO

Como homenaxe ó ilustre patriota don Ramón Otero Pedrayo, patriarca das nosas letras, a Casa de Galicia en Bilbao —que, pra decilo todo, ven celebrando o seu cincuenta cabodano por estas datas— convoca o seu segundo concurso «Galicia» de novela en lingua galega.

A obra deberá ser orixinal e inédita, cunha extensión mínima de sesenta folios, mecanografiados a dous espazos e por unha soa cara. Ademais do título, figurará o lema escollido polo autor.

Os interesados poden manda-los seus orixinais deica o día trinta do mes de nadal de 1976. O 10 de abril do setenta e sete farásé público o fallo, coincidindo co cabodano do pasamento de Otero Pedrayo.

Setenta e cinco mil pesetas premiarán o millor traballo.

Alternativa democrática pra cultura (Vigo)

## CHAMAMENTO

Dende hai tempo, diferentes sectores intelectuais e artísticos da nosa cidade vimos tentando de artella-la maneira de dar unha resposta, auténticamente creativa, á nosa realidade dende o eido da cultura no que nos movemos e traballamos.

Vigo, de corenta anos a esta parte, é un ermo intelétualmente triste, sin alternativa ningunha, o que por outra banda hai que espricar dentro das coordenadas xerais nas que se move a Nación Galega e as distintas nacionalidades, pobos e rexións do Estado Español.

As iniciativas que se tentaron foron sistemáticamente esmagadas ou ignoradas dende a «oficialidade» dun estado alleo ós intereses do noso pobo.

Somos conscientes de que a cultura vive e espricase no contacto xeral da sociedade que a enxendra: un contexto político e económico. Vigo insértase nunha realidade concreta: a realidade de Galicia. Mais nin as institucións nin os organismos que nos derradeiros anos monopolizaron as funcións propias do devir intelectual e artístico da nosa cidade estiveron —nin están— dispostos a reconecer activamente esa realidade, salvo as manifestacións seudofolclóricas ou de tolerancia insultante polo ridícula.

A necesidade de saír desta situación, axuntámonos pra tentar unha alternativa auténticamente nosa, creativa e ó servizo do noso pobo, que desexamos pra un presente verdadeiramente democrático. Chamamos dende aquí a tódalas persoas, asociacións de veciños, entidades culturais, clubs xuveniles de barrio, agrupacións ou sectores vencellados dalgún xeito coa vida cultural de Vigo, pra traballar conxuntamente nunha ampla Alternativa Democrática cara a unha cultura de contido popular nun contexto de xestión e participación colectiva.

Propoñemos, pra elo, como puntos de partida e discusión:

1.º Reivindicación e reafirmación dunha cultura nacional de Galicia, vencellada ás prelas, intereses e reivindicacións políticas do noso pobo, cara a unha normalización da personalidade do noso pobo en tódalas súas expresións colecti-

vas (lingua, arte, cultura, economía, política, etc.).

- 2.º Supresión de calquera tipo de censura e medidas represivas, cara a unha auténtica liberdade de expresión, fundamental pró desenvolto do pensamento do noso pobo. Neste senso cuidamos que a garantía da liberdade de expresión virá dada polo pleno exercicio das liberdades democráticas: reunión, asociación, folga, manifestación... Asímesmo, a amnistía é condición mínima pra acadar as liberdades. Todo o cal non tería realidade práctica senón no contexto dun Autogoberno Galego dende o intre da ruptura democrática.
  - 3.º A interrelación e coordinación dos diversos sectores do fenómeno cultural, entendido como unha participación colectiva, dinámica e progresista cara a un futuro organismo no que se artellen os intereses e obxetivos dos traballadores da cultura galega.
  - 4.º A necesidade de que a actividade cultural galega estea ó servizo das clases populares, como depositarias que son da cultura, e únicas capaces de potenciala.
  - 5.º Contestar na práctica ás manifestacións culturais oficiais feitas ó marxen dos intereses do noso pobo, de acordo cos nosos presupostos teóricos de búsqueda de xeitos propios de expresión e de espallamento da nosa cultura.
  - 6.º Denunciar por tódolos medios os feitos culturais alienantes, ben polo seu contido ou pola non participación do pobo na súa programación e escolma.
  - 7.º Denunciar asímesmo a existencia dos circuitos comerciais que monopolizan e manipulan as diferentes expresións do arte e da cultura.
  - 8.º Esixir a nosa representación e participación nas decisións dos organismos culturais dos municipios.
- \* Presentouse o 2 de outubro ós xornalistas vigueses e traballaron nel asociacións de veciños, xentes do teatro, pintores, escritores, clubs xuveniles da cidade, cantantes, etc., nun senso abertamente unitario.

## LIBROS

### IGREXA NA REALIDADE

X. A.

Xosé M. Rodríguez Pampín recolléu na «Nova concencia na Eirexa galega» (1) o testamuño dos doce primeiros Coloquios de Parroquias, dende a súa primeira edición de 1966. Leva un limiar do obispo de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Araúxo. «¿Pode decirse que os Coloquios representan unha nova concencia na Eirexa galega? —escribe o autor a xeito de conclusión—. Coido que sí, polo menos unha concencia distinta; e nova en canto que, a pesares de que poida empalmarse cos cregos da Ilustración, a xeneración de «Logos», os «Irmadiños» (grupo de cregos afincados en Roma polos anos sesenta), etc., resulta francamente nova tanto na concencia da realidade como da mesma fe e a súa dimensión xa eclesial como extraeclesial».

Os Coloquios axuntan, no verdadeiro e primeiro senso do termo «eclesial», a cristianos de diferentes pensares e mesmo posicións ideolóxicas pra matinar xuntos encol da realidade. As xuntanzas son periódicas e, normalmente, están referidas a temas monográficos que se acordan antes.

X. M. Rodríguez Pampín distingue claramente tres tempos nas edicións dos Coloquios de Parroquias dende a súa fundación (con moitas dificultades tanto pola autoridade civil como pola xerarquía eclesial que non vía con bos ollos as preocupacións sociais dos cregos novos). O autor fala dunha primeira etapa que chama *clerical*, na que participaban nada máis que cregos e tratábanse cuestións exclusivamente referidas á súa situación como tais: movemento sacerdotal, oficio do sacerdote, etc. A partires da edición cuarta entran, nembargantes, os seculares e esto principia un proceso de cambio. E o que Rodríguez Pampín chama período *eclesial*, acolléndose ó senso abranguedor e etimolóxico da verba.

O terceiro período, que se amosa xa abertamente a partires do coloquio número 10, supón unha preocupación maior polo contexto social no que o crego e o cristiano desenrolan o seu labor, concretamente Galicia. A cuestión clerical pasa a un segundo termo e os aspectos sociais venen a un primeiro lugar con moito pulo. E o que se chama xa tempo da *liberación do pobo galego* (estamos a seguía terminoloxía empregada polo autor do libro).

Neste proceso de cambio temático e achegamento á realidade dos Coloquios hai unha clara mostra da *galegización* da Igrexa galega, polo menos destes sectores máis novos, que son o motor dos Coloquios de Parroquias. O libro do Pampín vai recollendo o teste-

muño de cada un deles, a súa montaxe, preparación, realización e conclusións. O ensino, a fe, a economía, os compromisos humanos e relixiosos, a política, a cultura, os medios de comunicación, a socioloxía, a emigración, o sindicato, o traballo... A realidade é complexa e interdependente. A fe do cristiano síntese fondamente vencellada ó compromiso social do *eiquí e agora*. Naturalmente esta Igrexa tivo problemas dentro mesmo da institución, sobor de todo contra das súas estruturas máis tradicionais.

Cicáis lle falla ó libro do Rodríguez Pampín un maior comento en profundidade, sociolóxico, do significado deste movemento sociorelixioso na Galicia de hoxe, movemento, por outra banda, claramente posconciliar, pro que ten raíces, coma se di máis arriba, en certas posicións de sectores da Igrexa anterior á guerra civil, corrente que ven xa de Amor Ruibal, pasa polos cristianos de «Logos» en Pontevedra e volve agora á superficie, dende a década dos sesenta, con novas aportacións históricas (moito menos medo ó marxismo, por exemplo, etc.) que o enriquecen. E un movemento de achegamento á realidade.

«Non se pode negar —di Rodríguez Pampín, crego tamén él, na conclusión do seu libro— que os Coloquios de Parroquias, o que nun primeiro intre se coñeceu polos Europeos, representan todo un estilo de vida dun importante sector da Eirexa galega. Naturalmente que hai outros grupos que ven as cousas de xeito distinto —a Eirexa pluralízase— pero sin dúbida que os Coloquios aglutinaron o cristianismo progresista postconciliar, e como tal debe constar».

(1). Xosé M. Rodríguez Pampín. «Nova concencia na Eirexa galega». Edit. SEPT. Pontevedra, 1976. 186 pax.



nova  
concencia  
na  
igrexa galega

Tres membros do grupo «Bem-Virá» — Kico de Cariño, Pi da Bahía e Zé de Luiz — e tres do Movemento Popular da Canción Galega — Pilocho, Antón Seoane, e Rodrigo Romaní — son os novos irmandiños que van loitar por un rexurdimento musical galego. Roi Xordo, o dirixente dunha das primeiras e máis importantes revoltas dos labregos galegos, dalle o nome ó grupo.

## MUSICA

### O RETORNO DE «ROI XORDO»



«Coincidimos co plantexamento de xente de Bretaña, coma Stivell, ou grupos irlandeses, reivindicando un folklore máis tamén actualizando segundo á sensibilidade actual. E unha necesidade e coincidencia histórica coma o é o rexurdimento do sentimento nacional». Coidan que até agora na canción galega houbo unha disfunción na música e no testo. Cantábanse poemas galegos namentras a música era unha mimesis da francesa — Ferré, Brassens, etc. — ou da catalana. Agora, tanto os catalás coma os vascos voltan tamén na música ás súas raigañas.

#### TRABALLO COLECTIVO

«Bem-Virá» defíníase coma un grupo de música brasileira e o novo paso o explican dun xeito sinxelo: «Sentimos a necesidade de incorporarmos á música galega porque vivimos moi perto a realidade galega». Fai mes e medio que escomenzaron os ensaios e consideran que o máis importante é precisamente o traballo colectivo. «Queremos rachar coa tradicional imaxen de cantantes illados».



Son moitas as dificultades pra chegar ao auténtico folklore galego. Hai partes coñecidas (as grabadas en discos, nas corales, etc.) mais hai unha gran parte non grabada e da que se pode adeprender moito. As pandereteiras de Buxán, as de Carballo, os bombeiros de Tomiño, o material inédito recollido por «Faiscas do Xiabre», son algunhas das pezas coas que está a traballar «Roi Xordo».

A base armónica vai vir marcada por unha tendencia aos tons menores, e tamén as notas moi longas, asimesmo á tendencia a manter unha nota contínua, que virá a cumprir o papel do roncón da gaita.

Na base instrumental utilizaranse instrumentos coñecidos ou reconstruídos. Gaita, zanfoña, ocarina, instrumentos de percusión galegos, o freixolé (flauta dulce coa escala da gaita e soplete de corno), o harpa galega (única con doce cordas de latón)... e tamén instrumentos de hoxe, como a guitarra eléctrica ou o órgano.


Os principios ideolóxicos serán os mesmo que os defendidos polo Movemento Popular da Canción Galega e o grupo vai ter moito que decir na transformación da realidade galega. O punto de partida non pode ser mellor: «Queremos unha música que sexa actual, non facer «folk» mimético».







# Urogassa



**CONSTRUYE PARA UD. VIVIENDAS DE TRES DORMITORIOS SALON COMEDOR,  
COCINA, BAÑO, ASEO, ACABADO DE CALIDAD, PRECIOS SIN COMPETENCIA.  
GRANDES FACILIDADES DE PAGO**

**EN ORENSE:** Sáenz Díez, 67-1º

**FERROL**  
La Solana - NARON  
Teléfs. 350123 - 726

**PONTEVEDRA**  
Benito Corbal 6-1.º. C  
Teléfono 851634

**VIGO**  
Avda. Felipe Sánchez, 78  
Teléfono 223218

**VILLAGARCIA**  
Rivero de Aguilar 2 y 4 - 1º  
Teléfono 500220

**LUGO**  
Noreas, 15 - Entreplanta  
Teléfono 217502

**SANTIAGO**  
Santiago de Guayaquil 5-1º  
Teléfs. 594400 - 590485




DALLE VOLTAS A TESTA? PERDON, XA REMATAMOS. UN SAUDO DE  
COMO ISO TAMEN E COUSA NOSA, CONVIDAMOSLE A PROBAR AS IDEAS QUE TEMOS PRA VOSTEDE.  
DESERROLO E QUE A PUBLICIDADE DAS SUAS PAXINAS SEXA RENDABLE UN SOBRAÑEIRO PRO SEUS SIAREIROS.  
DESEMO A "TEIMA". POR ISO, DESEXAMOS QUE A SUA BARIL IDEA TENA UN INTRINSECA RENDABILIDADE.  
IDEAS, DESEMO AS SUAS IDEAS, DESEMO AS SUAS IDEAS, DESEMO AS SUAS IDEAS, DESEMO AS SUAS IDEAS.  
O NOSO E LOGO INTRINSECA RENDABILIDADE, SAUDAMOS A SUAS IDEAS, DESEMO AS SUAS IDEAS, DESEMO AS SUAS IDEAS.  
CONVIDAMOSLE A PROBAR AS IDEAS QUE TEMOS PRA VOSTEDE. UN SAUDO DE PLANA PUBLICIDAD.

 **PLANA**  
**PUBLICIDAD**  
CAPITAN ELOY, 22  
TELEFS. 21 38 36 - 21 38 37  
O R E N S E



# 4 IDEAS COREN PRA AMAS DE CASA INTELIXENTES



PODENSE PREPARAR MOITOS E BOS PLATOS,  
CAS HAMBURGUESAS DE AVE COREN.  
ABONDA CON TER INTELIXENCIA  
E DESEXOS DE BARATEZA.  
AS HAMBURGUESAS DE AVE COREN,  
TENEN ADEMAIS DE OUTRAS, TRES CUALIDAS:  
A SUA CALIDADE,  
O BAIXO PRECIO  
E QUE SON DE FRESQUIÑAS  
IGOAL CUNHA ALBORADA.



UTECO · ORENSE